



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de SETEMBRO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, en segunda convocatoria, ás once horas e vinte minutos do día trece de setembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(719).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta sesión ordinaria do 6 de setembro de 2024 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(720).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 17493/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/09/2024, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza ditada no Procedemento Ordinario n.º 333/2020 (SPEIS)

EXPTE	N.º PEP	AUTO	
		Núm.	Data
17200-111	106/2024	50	20/06/24
17201-111	107/2024	51	20/06/24
17208-111	111/2024	52	20/06/24
17210-111	109/2024	53	20/06/24
17182-111	92/2024	54	20/06/24
17240-111	112/2024	55	20/06/24
17211-111	110/2024	56	20/06/24
17238-111	116/2024	57	20/06/24
17202-111	108/2024	58	20/06/24
17242-111	117/2024	59	20/06/24
17237-111	118/2024	60	20/06/24
17246-111	129/2024	61	21/06/24
17245-111	123/2024	62	21/06/24
17248-111	127/2024	63	21/06/24
17241-111	120/2024	64	21/06/24
17244-111	128/2024	65	21/06/24
17243-111	130/2024	66	21/06/24

Estes autos estiman as solicitudes de extensión de efectos da Sentenza firme ditada no P.O. 333/2020, e recoñecen o dereito dos demandantes a que se lle abonen as cantidades en concepto de diferenzas retributivas que resulten polas horas en exceso realizadas sobre a xornada ordinaria anual.

Os procedementos de extensión de efectos valoran a identidade fáctica, e nestes casos concorren segundo o órgano xurisdiccional, ademais de que as solicitudes presentadas na vía administrativa polos actores carecen de resolución expresa. Concorrendo todos os presupostos legais, o Xulgado acorda a estimación (*) da extensión de efectos.

Cómpre sinalar que a sentenza da que se solicita extensión de efectos non se atopa executada, senón en proceso de execución, cun incidente promovido pola representación do Concello, que pode afectar á execución das resolucións que se están a comunicar, malia o afirmado no auto con respecto a isto. Se ben, sería en cada executoria onde se expoñerán as circunstancias de cada asunto de modo pormiudado.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

(*) Parcialmente no caso dos PEP n.º 120/2024 e 128/2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

2.- Contencioso. Expediente nº 16436/111
Sentenza nº 103 do 23 de maio de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 317/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Decreto da Concelleira da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo por promoción interna para as prazas de Inspector/a de Concesionarias, e que desestima a súa reclamación, resultando definitivamente excluído.
Expte(s): 41019/220
Contía: Indeterminada

A sentenza estima o recurso contencioso administrativo interposto polo empregado municipal contra a resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que desestimou as alegacións presentadas e aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos nos procesos selectivos, que declara contraria ao ordenamento xurídico e declara o dereito do demandante a participar no proceso selectivo debendo o Concello retrotraer o procedemento ao momento en que foi indebidamente excluído para incluílo e realizar os trámites necesarios para que continúe dito proceso con el ata a súa finalización.

A sentenza impón as custas procesuais a Administración demandada, e dado que non é firme, contra a mesma foi interposto recurso de apelación.

3.- Contencioso. Expediente nº 15230/111
Sentenza nº 431 do 5 de xuño de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª
Recurso de apelación: 70/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por horas extras e dano moral por anulación do decreto do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, inadmite o recurso por razón da contía, conforme á alegación que se fixo valer pola representación do Concello.

Trátase do segundo recurso de apelación promovido polo demandante, funcionario do SPEIS, contra a sentenza do XCA 1 de Vigo, e que forma parte dunha relación de máis de medio cento de recursos conexas, resoltos polo XCA 1 e 2 de Vigo.

A Sala do TSXG considera, con respecto á contía, que a condena non superaría os 30.000 euros, en concepto de diferencias de cantidade con relación ao abono das gratificacións por servizos extraordinarios, atendendo ao resultado estimatorio parcial da sentenza que apelou (STS 8/6/2020).

Canto á reclamación de responsabilidade patrimonial, por importe de 25.000 euros, a Sala resolveu que ao non declararse a inadmisibilidade do recurso contencioso nese aspecto na resolución de instancia, entende que o recurso de apelación é igualmente inadmisibile, ao non exceder a reclamación por dano moral de 30.000 euros.

A Área de Recursos Humanos e a de Seguridade, xunto coa Xefatura do SPEIS deben coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 192/2020 PO XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 108 de 02/07/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021

4.- Contencioso. Expediente nº 16842/111

Sentenza nº 118 do 10 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 19/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo, do recurso de reposición formulado o 20/10/2023 contra a decisión do Intendente Xefe do Corpo da Policía Local de Vigo, do 05/05/2023 pola que se lle nomea, adscribe ou asigna ao posto de Inspector da Unidade de Atestados e Investigación de Accidentes e contra a resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 12/06/2023.

Expte(s): 147/2120 e 42474/220

Contía: Indeterminada

Sentenza firme pola que se desestima o recurso c-a (Policía Local) contra a resolución pola que se lle adscribe ao posto de Inspector da Unidade de Atestados e Investigación de Accidentes, e solicita o abono polo Concello de 14.646,72 euros en concepto de indemnización por danos e prexuízos.

Di a sentenza que a estrutura xerarquizada debe ser respectada; que a resolución é motivada, e fundaméntase no informe proposta da xefatura de Policía, o cal está debidamente fundamentado.

Se advirte polo xulgador que non se aprecia arbitrariedade por parte da Administración nos actos impugnados. Indica tamén que o único que pode ser obxecto de recurso son os actos administrativos impugnados, pero non o informe do xefe de servizo; dí que a motivación exteriorizouse dende o primeiro momento por parte do Concello, sendo unha motivación completa e real que cumpre co art. 35 da LPAC; que a existencia de diferencias retributivas é legal e lexítima, como tamén a pretensión do actor de preferir que a adscrición se acomode aos seus intereses particulares, pero que non debemos olvidar que a actuación impugnada defende o interese público xeral, non o persoal do demandante; dí que a actuación municipal non é desconforme a Dereito.

Finaliza indicando o xulgador que polo demandante non se impugna a adscrición provisional, nin pretende coa súa demanda que se acelere esa adscrición a definitiva, polo que ata que promoción como Inspector deberá prestar debidamente o servizo ata a súa toma de posesión.

O demandante solicitaba tamén o cumprimento polo Concello da previsión contida na DA 2ª bis da Lei 4/2007, relativa á necesaria aprobación polo Concello dun Regulamento de Policía, pretensión que se rexeita por canto non é unha obriga dos Concellos dispor de dito Regulamento, tal e como establece a citada disposición normativa.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación, e se lle impoñen custas ao recorrente co límite de 200 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Darase traslado desta resolución á xefatura de Seguridade e da Policía Local, e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 16904/111

Sentenza nº 442 do 12 de xuño de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª

Recurso de apelación: 113/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Denegación, por silencio administrativo, de reclamación de dereito e cantidades, en relación coa prestación de servizos como Xefa de Oficina

Expte(s): 43049/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, desestima o recurso e impón as custas do procedemento á apelante.

A resolución considera, confirmando a sentenza de instancia que, a demanda é unha reclamación de cantidade en concepto de retribución complementaria. Para que se poida estimar unha pretensión desta natureza é preciso que se probe o desenvolvemento da totalidade ou as tarefas esenciais da superior categoría coa que se compara.

A Sala recolle que a apelante non explica que proba existe nos autos que acredite a realización de modo estable, de todas ou da parte esencial das tarefas dunha xefa de oficina.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 285/2023 PA XC-A nº 2 de Vigo, Sentenza nº 2 de 12/01/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/02/2024

6.- Contencioso. Expediente nº 16985/111

Sentenza nº 147 do 2 de setembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 54/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo da XGL do 26/01/2024 que desestima o recurso de alzada formulado contra acordos do órgano de selección e resolución da reclamación previa presentada ao primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Mestre de Pintura

Expte(s): 41031/220, 43160/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso interposto contra a resolución desestimatoria do recurso de alzada presentado contra o acordo do órgano de selección para a praza convocada de "mestre/a de formación, especialidade pintura".

A sentenza, logo de expoñer a regulación do proceso selectivo recollida nas bases da convocatoria, e trala práctica da proba, desbota a vontade de enganar ao órgano de selección por parte do codemandado e aspirante que resultou proposto para a praza convocada.

Na resolución se indica que os dous exercicios, tanto o da demandante como o do codemandado son diferentes, de contido diferente no fondo, o que comporta unha diferente asignación de puntuacións por parte do órgano de selección.

Este órgano contou coa asistencia dunha persoa externa á administración, cuxo criterio sobre a maior autoridade do aspirante codemandado sobre a demandante, na execución dos exercicios da oposición, resultaba apreciable, e así o motivou nun informe expresamente solicitado, e valorado polo Xulgado.

Se impoñen as custas do procedemento á parte demandante.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 17108/111

Sentenza nº 130 do 12 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 75/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de RPA polos danos sofrido no vehículo cando circulaba pola VG-20

Expte(s): 7085/243

Contía: 1.133,60 €

A sentenza, firme, desestima o recurso en materia de responsabilidade patrimonial ao considerar que non existe nexo causal entre o deber municipal de mantemento das vías públicas municipais e o accidente producido ao existir unha substancia resbaladiza na calzada posto que dos informes do expediente (limpeza, contratista de limpeza, policía local) resulta que as labores de limpeza da zona axústanse aos estándares exixibles a dito servizo.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA

8.- Contencioso. Expediente nº 17171/111

Auto nº 47 do 17 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 88/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo cando circulaba pola Avda, de Citroen.

Expte(s): 6354/243

Contía: 678,88 €

Este Auto, firme, acorda o remate do procedemento, ao estimarse na vía administrativa a pretensión de responsabilidade patrimonial reclamada pola parte demandante.

Os danos reclamados os causou un elemento construtivo da vía pública (Avda. de Citroen) ao vehículo da demandante.

O servizo de Responsabilidade Patrimonial-Patrimonio debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 17169/111

Auto nº 48 do 19 de xuño de 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 98/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo por un contenedor de lixo sito na rúa Portanet nº 28.

Expte(s): 7178/243

Contía: 734,09 €

Este Auto, firme, declara rematado o procedemento e acorda o seu arquivo, por estimarse na vía administrativa a reclamación en materia de responsabilidade patrimonial presentada pola actora.

Os danos reclamados se causaron ao vehículo da demandante por un colector de lixo, sendo unicamente materiais.

O servizo de Responsabilidade Patrimonial-Patrimonio debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 17181/111

Sentenza nº 140 do 21 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 91/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados no vehículo cando circulaba pola carretera Gándara en Valladares.

Expte(s): 7131/243

Contía: 1.108,53 €

Esta sentenza, firme por contía, estima o recurso e aprecia a existencia de responsabilidade patrimonial do Concello, polo mal estado dun vial, causante de danos nun vehículo.

O vehículo circulaba pola estrada da Gándara, nunha zona con desperfectos, na que se acreditou no acto da vista que en datas moi próximas ao sinistro se procedeu á reparación do mesmo, pero aínda así, se valora o mal estado e se estima a demanda, principal e xuros.

O servizo de Responsabilidade Patrimonial-Patrimonio debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 16995/111

Sentenza nº 58 do 10 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 58/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 16/01/2024 da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Seguridade, recaída en expediente sancionador que acordou desestimar o recurso de reposición formulado contra outra que lle impuxo sanción de 200 €.

Expte(s): 314761/280

Contía: 200 €

A sentenza, firme, estima o recurso ao considerar que os feitos no son constitutivos da infracción do art. 91.2c) do Regulamento de Circulación, toda vez que a vista da fotografía e ante a falta de datos na denuncia o coche estacionado ao comezo do acceso en forma de rampa a unha viven-

da non pode entorpecer o tránsito peatonil normal por ese lugar. En consecuencia, anulase a resolución sancionadora con imposición de custas.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de seguridade.

12.- Contencioso. Expediente nº 16329/111

Sentenza nº 135 do 17 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra

Abreviado: 311/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade do Concello de Vigo, de data 28/08/2023, ditada no expediente sancionador nº 2023/17156.

Expte(s): 309742/280

Contía: 1.000 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución de 28.08.2023 da concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade pola infracción moi grave de conducir coa presenza de drogas no organismo que resolveu impoñer una multa de 1.000 euros e a detración de 6 puntos, por considerar que da valoración conxunta da proba practicada quedou debidamente acreditado no expediente o feito infractor baseándose en proba de cargo bastante e suficiente sen que poidan ser atendidos os motivos invocados polo recorrente.

A sentenza que é firme impón as custas procesuais ao recorrente ata o límite máximo de 400 euros sen impostos.

Deben coñecer o resolto os Servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

13.- Contencioso. Expediente nº 17106/111

Sentenza nº 122 do 18 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 82/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de imposición de sanción de 400 € con retirada de 4 puntos do carné de de conducir.

Expte(s): 315794/280

Contía: 400 €

A sentenza, firme, inadmite o recurso contencioso administrativo contra a resolución que estimou as alegacións presentadas (admitindo a identificación extemporanea do conductor dunha primeira infracción de exceso de velocidade que implicaba detración de puntos) e notificou a denuncia polo exceso de velocidade que implicaba unha sanción de 400 euros e retirada de 4 puntos.

No FX1º realiza unha serie de reflexións sobre este tipo de procedementos: (1) a coexistencia de 2 procedementos sancionadores por infracción grave de exceso de velocidade e pola comisión da infracción moi grave de non indentificar ao responsable non se acomoda a dereito posto que non cabe incoar o segundo procedemento sen a inequívoca constatación de que foi ignorado o requirimento de identificación validamente dirixido ao titular do vehículo e (2) non resulta admisible (a lei non o contempla) que sexa atendido o requirimento de identificación en calquera momento ou cando se percibe polo titular do vehículo a sanción a que se enfrenta (neste caso multa de 1.200 euros en lugar dos 400 euros correspondentes a infracción primitiva).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Sen pronunciamento en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recaudación Executiva.

14.- Contencioso. Expediente nº 17282/111

Sentenza nº 145 do 27 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 132/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo que acorda a imposición dunha multa de 30 € por infracción de tráfico.

Expte(s): 317258/280

Contía: 30,00 €

A sentenza desestima o recurso e declara conforme a dereito a resolución da concelleira delegada da área de Seguridade desestimatoria do recurso de reposición contra a resolución que impuxo ao actor unha sanción de 30 euros pola comisión da infracción leve de estacionar superando o horario autorizado no tique.

A sentenza que é firme, condena en custas á parte actora.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

15.- Contencioso. Expediente nº 16705/111

Sentenza nº 108 do 24 de maio de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 372/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución da XGL do 17/11/2023 desestimatoria de recurso de reposición formulado contra outra do 08/09/2023 que aprobou a prórroga do contrato dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Expte(s): 8450/252

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso interposto pola sociedade demandante e condena en custas ao Concello, declarando o dereito:

-A que no aplique a prórroga contractual, prestándose o servizo en prórroga forzosa por principio de continuidade de los servizos públicos.

-A que se establezcan as condicións de prestación do servizo en prórroga forzosa en las de los costes reales.

-A reclamar a cuantía de los costes reales que se devengue durante a prórroga forzosa cando sea posible su cuantificación.

A sentenza entende que a prórroga acordada pola XGL é extemporánea porque se acorda sen respectar o prazo de dous meses, interpretando que no PCAP se unifica ese período da LCSP tanto para o preaviso como para a resolución do órgano de contratación.

Asemade, declara que a prórroga ten o carácter de forzosa porque a ordinaria non procede, recoñecendo o dereito da contratista, a pesares do contido claro dos pregos de que non procede a

revisión de prezos, a que actualice os custes de prestación do servizo aos reais, desbotando a pretensión da parte actora de aplicar os incrementos do IPC.

O servizo de Limpeza debe coñecer do resolto, informando de que esta resolución se recorrerá.

16.- Contencioso. Expediente nº 16129/111

Sentenza nº 178 do 29 de maio de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª

Recurso de apelación: 7144/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade administrativa do Concello de Vigo fronte á reclamación efectuada o 22/12/2022, na que denunciaba a vulneración dos seus dereitos constitucionais á intimidade e inviolabilidade do domicilio, por mor do ruído desmedido e insoportable provocado pola instalación do mercado navideño e parque de atraccións nas inmediacións da súa residencia

Expte(s): 9324/106

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, contra a que só é posible interpoñer un recurso de casación, estima parcialmente o recurso e declara a existencia de inactividade municipal, que causou unha vulneración do dereito á intimidade persoal e familiar da demandante e á inviolabilidade do domicilio, con condena a que adopte as medidas necesarias para evitar a reiteración da conducta lesiva e para garantir que os niveis de ruídos interiores e exteriores non superen os limiares das normas aplicables.

A resolución considera que a duración da campaña do Nadal tivo unha duración no período discutido suficiente como para que impactase na entidade do dano potencial. Considera igualmente irrelevante a metodoloxía e parámetro empregado ben polos peritos da demandante (niveis de inmisión sonora) ben polos técnicos contratados polo Concello (obxectivos de calidade acústica) porque en calquera caso superaron os límites da ordenanza municipal, que considera expresamente de aplicación.

Considera irrelevante que a demandante permaneceu ou non no seu domicilio durante o período reclamado, e por tal razón con referencia á pretensión indemnizatoria estima a mesma parcialmente e condena á administración á indemnizala con 600 euros, lonxe do pretendido e insuficientemente probado, a criterio da Sala.

As consideracións desta sentenza do TSXG deberán terse en conta tanto polo servizo de Comercio para as vindeiras campañas do Nadal, como polo servizo de Medioambiente pola incidencia destes criterios noutras actividades, servizos e fontes de ruído permanentes ou temporais.

Os servizos de Comercio e Medio Ambiente deben coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 37/2023 DF XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 106 de 30/06/203, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/10/2023.

17.- Contencioso. Expediente nº 15929/111

Sentenza nº 155 do 2 de setembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 163/2023

Demandante/Recorrente: Particular



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Obxecto: Inactividade ao non adoitar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado do nadal ou subsidiariamente, ordear a suspensión das actividades que alteraban a vida dos veciños afectados

Expte(s): 9564/106

Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar, non é firme, e desestima o recurso interposto contra a inactividade municipal por non adoptar medidas para reducir o ruído causado polas atraccións e postos durante a campaña do Nadal. e subsidiariamente, acordar a suspensión das actividades.

A resolución centra o período sobre o cal pronunciarse só na campaña 2022/2023, desbotando afeccións a terceiros ou mesmo momentos anteriores ou futuros, indicando tamén que este asunto funciona a modo de preito-testemuña doutros relacionados co presente interpostos por outras persoas, e aclarando que a revisión da suposta inactividade municipal se efectúa conforme ao cauce procesual expresamente invocado pola actora, que é o da inactividade segundo se regula na LXCA.

A sentenza aclara o mecanismo da inactividade con relación ao pretendido pola parte demandante, expoñendo que sería inviable unha condena á adopción de medidas sobre un período temporal xa rematado, e non se pretendía condena de futuro algunha. Só resultaría admisible a vía da inactividade do art. 29 da LXCA se se tratase da contaminación acústica de focos concretos e permanentes, individualizados. Porque na demanda se dirixe en abstracto contra todo o ruído causado polos elementos presentes na campaña do Nadal.

En suma, e conforme co criterio do TS, ao demandante non lle recoñece un dereito concreto ningunha norma en materia de contaminación acústica, polo que esta vía resultaba improcedente. E a desestimación presunta da reclamación como pretensión subsidiaria, extemporánea.

O Xulgado resolve que non se probou que o demandante sufrise inmisións acústicas contrarias á normativa de aplicación, e considera probado que o Concello de Vigo despregou a actividade necesaria, sen que se poida considerar que a posición municipal resultou pasiva ou inactiva. Existiu actividade tanto antes da reclamación do demandante, como despois da mesma. Actuacións de tipo correctivo, pormiudadas na documentación aportada ao preito e a que consta no expediente.

Entende esta sentenza que no caso concreto deste demandante, non se pode considerar acreditado que soportase un ruído desproporcionado, antes ao contrario, se proba que se atopa por debaixo dos obxectivos de calidade acústica, parámetro considerado correcto polo Xulgador dende o punto de vista técnico, compartindo a motivación da empresa contratada polo Concello para estes efectos de controlar os niveis de inmisión sonora.

O servizo de Comercio e Medioambiente deben coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 17269/111

Auto nº 69 do 27 de xuño de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 138/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude efectuada ao Concello de Vigo para que realice tarefas de limpeza, de forma subsidiaria, no terreo lindante coa finca da súa propiedade

Expte(s): 23112/310
Contía: Indeterminada

O auto, firme, declara terminado o procedemento e ordena o arquivo do recurso toda vez que a administración remitiu con anterioridade a celebración de vista documentación acreditativa (informe do inspector municipal) de que fora atendida a reclamación de limpeza de finca lindante coa propiedade do demandante, sen especial pronunciamento sobre as custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Medio Ambiente.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15872/111
Sentenza nº 203 do 22 de maio de 2024
Xulgado do Social nº 6 de Vigo
Ordinario: 356/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades deixadas de percibir con motivo da situación de IT
Expte(s): 41398/220

Sentenza (recorrida en suplicación) pola que se estima a demanda do traballador municipal, pola que reclamaba o recoñecemento de cantidades relativas aos (1) complementos de festividade e nocturnidade durante o período de IT, e cantidade relativa (2) ás vacacións non desfrutadas nin retribuídas unha vez xubilado, que non puido desfrutar por mor duna IT; no fallo se ordena ao Concello a aboar 5.442,3 euros brutos en concepto de salarios, mailos xuros por mora ó tipo do 10 % desta cantidade que constitúe salario.

O xulgado estima a demanda por canto entende que á vista dos conceptos integrados nas nóminas do demandante e do feito de que non existe controversia verbo da circunstancia de que presta servizos mensualmente en períodos nos que realiza horas nocturnas e festivas, conclúe que o plus de nocturnidade/festividade é recorrente e habitual para o traballador demandante, e que ten dereito a percibir tal retribución tamén en vacacións.

No que atinxe ó período no que permaneceu en situación de incapacidade temporal, recolle que a controversia foi xa resolta polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza de data 14/10/2015, tamén fronte á Administración agora demandada; aos efectos do segundo párrafo do artigo 23 do Convenio de aplicación, non resulta discutido que a demandante permaneceu en situación de IT por causa de accidente laboral polo que tamén neste período ten dereito o demandante a percibir as cantidades que reclama.

Contra a presente resolución cabe interpor recurso de suplicación (tal como establece o artigo 191.1 da Lei Reguladora da Xurisdición Social), porque a pretensión exercitada fronte á demandada supera os 3.000 €.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

2.- Social. Expediente nº 16797/111
Sentenza do 25 de xuño de 2024
Xulgado do Social nº 1 de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Ordinario: 12/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades, diferenzas retributivas no importe das horas extraordinarias realizadas no ano 2020 (Oficial carpinteiro, Unidade Central de Servizos).

Sentenza (recorrida en suplicación) pola que estima a demanda do actor, oficial carpinteiro municipal, na que reclama que o prezo da hora extra debe ser calculada tomando o salario anual (soldo base, CE e CD, antigüidade e prorrata de pagas extra) e dividido pola xornada anual de 1.642 horas.

Dí o xulgador que "procede acoger la fórmula utilizada por el demandante porque el artículo 35.1 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores establece que "Mediante convenio colectivo o, en su defecto, contrato individual, se optará entre abonar las horas extraordinarias en la cuantía que se fije, que en ningún caso podrá ser inferior al valor de la hora ordinaria, o compensarlas por tiempos equivalentes de descanso retribuido.

O fallo acolle a excepción de prescripción alegada polo Concello e neste sentido desestima a demanda, pero condena ao Concello a que lle abone a cantidade de 4.077,48 euros, así como o interese por mora do 10% anual, desestimando as demais pretensións deducidas na demanda.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de suplicación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

3.- Social. Expediente nº 17016/111

Sentenza nº 376 do 2 de xullo de 2024

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 245/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades en concepto de produtividade polas funcións desenvolvidas como conserxe responsable do Pavillón do Carmen.

Expte(s): 43480/220

Sentenza (firme) pola que se estima a demanda interposta e se condena ao Concello de Vigo ao abono da cantidade de 1.816,46 euros mailo interese de mora do 10%, por canto recoñece que parte do período reclamado está prescrito, pero estima o resto da demanda por canto non corresponde ao traballador examinar nin valorar se a orde do seu superior se axusta ou non a tales criterios porque non é obligación súa comprobar isto, xa que a él lle corresponde acatar a orde e cumprir co encargo encomendado, elo sen perxuízo da posible responsabilidade do superior se non seguiu o procedemento previsto pola normativa do Concello.

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso de suplicación.

Darase traslado desta sentenza ao servizo de RRHH e ao servizo de Deportes para o seu coñecemento e efectos.

4.- Social. Expediente nº 17396/111

Decreto nº 369 do 20 de xuño de 2024

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Vacacións: 531/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Demanda de vacacións.

Esta resolución, por medio da cal se informa do desistimento da parte demandante, comporta a terminación do procedemento en virtude do principio de disposición da acción da parte demandante.

Vigozoo e o servizo de Medio Ambiente deben coñecer do resolto.

5.- Social. Expediente nº 17198/111

Sentenza nº 377 do 20 de agosto de 2024

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Conflictos Colectivos: 384/2024

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Modificación substancial das condicións laborais dos traballadores do Servizo de Vigozoo

Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda de conflito colectivo interposta polo sindicato CCOO, por mor das modificacións do calendario de prestación de servizos do persoal adscrito a "Vigonature".

O sindicato accionante, ao que se lle adheriu nas pretensións outros dous sindicatos máis tamén emprazados, recoñecendo a existencia de negociacións para a modificación das condicións de traballo das persoas afectadas, alegaba a falta de negociación previa á modificación do calendario de traballo.

A sentenza, logo de expoñer os feitos, resumidos na secuencia de datas, e igualmente recoñecendo a existencia de negociacións en curso para a modificación do calendario laboral, conclúe que conforme á esixencia legal, non consta con carácter previo á modificación dese calendario, negociación ou consultas que amporen tal modificación, polo que procede declarar a nulidade da modificación sustancial demandada.

A área de RRHH e Formación e o servizo de Medioambiente deben coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(721).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ORGANIZACIÓNS NOS GOVERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL - ANO 2024. EXPTE. 262067/301.

Visto o informe de fiscalización de data 06/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

Tramitado polo Servizo de Benestar Social o procedemento de outorgamento de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2024, resultan os seguintes feitos:

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 22.03.2024, aprobou as bases e a convocatoria de «SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESARROLLO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2024. CONCELLO DE VIGO (POLITICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – V (BOP n.º 68, do 08.04.2024; extracto da convocatoria: BOP n.º 71, do 11.04.2024).

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, o órgano instructor, á vista da proposta non vinculante de valoración realizada pola Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento de data 19.06.2024, da proposta de resolución provisional da mesma data, publicada na sede electrónica do Concello de Vigo, por prazo de dez (10) días e da comunicación por escrito da aceptación das respectivas subvención polas entidades propostas como beneficiarias, así como a aceptación da reformulación por parte da Comisión Avaliadora (Acta complementaria do 09.07.2024) das subvencións por parte das ONGDS “ASOCIACIÓN AMAP-ASOCIACIÓN MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS”, “FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS”, “FUNDACIÓN AMIGÓ” e “ASOCIACIÓN HARAMBEE”, **formula proposta de resolución** á Xunta de Goberno Local. Achéganse as Actas da citada da Comisión nas que se detalla a proposta de concesión de subvencións.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto representado pola resolución desta convocatoria de subvencións na aplicación n.º 2310.480.00.09 (“Convocatoria subvencions cooperación”) do vixente orzamento de gastos (60.000€). Existe tamén documento contable (RC12024000049757) por esa mesma contía.

I.4. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000€ por cada proxecto subvencionado (Base 5ª, *in fine*). O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes, de acordo cos criterios de valoración establecidos na Base 11ª, seleccionando ós seis (6) proxectos que obtiveron as maiores puntuacións (90 puntos ou máis).

I.5. As entidades solicitantes presentaron as correspondentes certificacións de estaren ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder definitivamente, con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2410.480.00.09 (“Convocatoria subvencions cooperación”) do vixente orzamento, a cantidade de 59.999,00 € en concepto de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2024, de acordo co seguinte detalle:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

CRITERIOS VALORACIÓN			PUNTOS TOTAIS	
265313-301	ASOCIACION AMAP-ASOC MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS	Fortalecimiento del derecho a la educación de calidad y la mejora de la empleabilidad de los jóvenes refugiados del Asentamiento de Bidibidi en Uganda, mediante la construcción, equipamiento y dotación de energía solar de un aula informática la Escuela Kado Primary School UGANDA: Asentamiento Bidibidi	94,5	10.299,56
	Contraparte: Centro Justifica y Paz Juan Pablo II			
265475-301	SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO (SED)	"Mejora de las condiciones de saneamiento básico en la Escuela de Manhiça, MOZAMBIQUE	93	10.136,07
	Contraparte: Hermanos Maristas Mozambique			
265383-301	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	"PROVISION DE AGUA POR MUJERES CAMPESINAS, PARA EL RIEGO DE SUS CULTIVOS Y EVITAR UNA CRISIS ALIMENTARIA, A CAUSA DEL CAMBIO CLIMATICO EN LA COMUNIDAD DE KARHUZA DEL MUNICIPIO DE BATALLAS, FASE I" BOLIVIA	92	10.027,08
	Contraparte: Servicio integral agropecuario Bolivarian			
265425-301	FUNDACION AMIGÓ	Mellora da calidade educativa do centro de infantil e primaria dirixido a 240 nenos e nenas con dificultades de acceso ao espazo educativo formal mediante a adquisición dun xerador que garanta o fluxo de corrente eléctrica Constante. BENIN	91	9.918,09
	Contraparte: Assoc. Amigonien au Benin			
265054-301	ASOCIACION AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES	AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES. PERÚ - Cajamarca	90	9.809,10
	Contraparte: Congregación de las Hermanas del Amor de Dios			
265312-301	ASOC HARAMBEE	Mejorar el acceso y la calidad sanitaria frente a la anemia de células falciformes en Lubumbashi, RD CONGO , contribuyendo a reducir la tasa de mortalidad infantil.	90	9.809,10
	Contraparte: Centro Congolano de Cultura, de formación y desarrollo			

CRITERIOS VALORACIÓN			PUNTOS TOTAIS
265278-301	FUNDACION TALLER DE SOLIDARIDAD	Implementación de Huertos Orgánicos Familiares en la zona de Alto Litoral, Monte Olivos con mujeres migrantes campo-ciudad contribuyendo en la alimentación saludable de las familias, favoreciendo la reforestación de la zona	89
265463-301	BEYOND SUNCARE	"DEFENSA Y PROMOCIÓN DEL DERECHO A LA SALUD Y LA INCLUSIÓN SOCIAL DE LAS PERSONAS CON ALBINISMO EN 6 DISTRITOS DE MALAWI, A TRAVÉS DEL FORTALECIMIENTO DEL SISTEMA SANITARIO Y LA SENSIBILIZACIÓN COMUNITARIA"	88
265477-301	FUNDACION BALMS PARA LA INFANCIA	Arte para la transformación social. REPÚBLICA DOMINICANA	88
265351-301	ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ	Fortaleciendo a autonomía económica e as capacidades en agroecoloxía de mulleres e comunidades do Municipio de Berlin para promover a soberanía alimentaria no Departamento de Usulután EL SALVADOR	87,5
265430-301	SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	Fortalecimiento de los procesos terapéuticos, con pertinencia cultural, frente a las violencias hacia las mujeres mayas de la zona Norte, Centro, Occidente y Oriente de GUATEMALA	86,5
265478-301	ASOC DE INGENIERIA SIN FRONTERAS GALICIA	MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TOMA DE DECISIONS POR PARTE DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS LOCAIS E REGIONAIS EN MATERIA DE CALIDADE DE AUGA" HONDURAS	86
265466-301	FUNDACION PROCLADE	Apoyo a la Formación Profesional e Integración de los jóvenes en entornos urbanos de Kougoudou. BURKINA FASO	85,5
265476-301	SEMILLA PARA EL CAMBIO	Fortalecimiento do programa educativo e capacitación de xénero en Varanasi-INDIA	85
265309-301	COLABORACION Y ESFUERZO	CEBTRO SANTA MÓNICA: Proyecto de prevención social en niños y jóvenes de grupos en situación de riesgo de exclusión social a través de un programa de educación inclusiva en las áreas urbanas empobrecidas en la periferia de Tegucigalpa, HONDURAS .	85
265345-301	LOTUS SPAIN ONG	APOYO EDUCATIVO Y BIENESTAR PARA NIÑOS Y NIÑAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDAD EN VARANASI-INDIA	84,5
265479-301	ASOC CIDEL GALICIA	Liderazgo comunitario juvenil para generar espacios de incidencia social y política para la mejora de la igualdad de género en el Municipio de Baitoa. REPÚBLICA DOMINICANA	84
265480-301	HORIZON EXPERIENCES	Kere´ Naba´ Wa´ (en GUATEMALA)	78

TERCEIRO: Publicar este acordo no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

(1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(722).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS - ANO 2024. EXPTE. 264055/301.

Visto o informe xurídico do 22/07/2024 e o informe de fiscalización do 05/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/07/2024, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2024, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 24.05.2024 aprobáronse as Bases reguladoras e a convocatoria das subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos Servizos sociais no ano 2024. Foron publicadas no BOP nº 105 do 30.05.2024 e o extracto da convocatoria no BOP nº 108 do 4.06.2024,

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 18.07.2024, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e de negación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 “*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*” do vixente orzamento de gastos, por un total de 90.000,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **89.772,07€**.

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subven-

cións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de **89.772,07€.** en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2024, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTA CIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO (€)
24	267101-301	FUNDACIÓN ALDABA	ACTIVAMONOS V	43	3.605,89
7	266629-301	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS, RESPIROS FAMILIARES E FOMENTO DA VIDA AUTÓNOMA	45	3.396,65
20	266934-301	ASOC DIVERSIDADES	A TUA CASA CONNOSCO	36	3.018,88
10	266669-301	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	Proxecto de Benestar físico a usuari@s afectados de dano cerebral adquirido	41	3.000,00
14	266760-301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	"MOVE O TEU CORPO CON XEITO" A IMPORTANCIA DA PSICOMOTRICIDADE NO REFORZO EDUCATIVO	36	3.000,00
21	266977-301	ASOC DISCAMINO DE SANTIAGO	QUE NADIE TE DIGA QUE NO PUEDES	44	3.000,00
15	266761-301	ASOC ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	DARNOS VIGO 24. ACOMPAÑAMENTOS E ACTIVIDADES PARA MAIORES EN SOLIDADE	34	2.851,17
5	266570-301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	Programa de Ocio e tempo libre e adquisición de hábitos físico-psíquico saudables	32	2.683,45
34	267204-301	ASOCIACION A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELLECTUAL DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ASPAÑAEX)	ME ACTIVO II	31	2.599,59
29	267115-301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	O tai-chi na rehabilitación psicomotriz das persoas con problemas de saúde mental 2024	32	2.574,00
43	267231-301	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	Proxecto de Mellora de Competencias Digitais e Comunicación electrónica coas Administracións Fase II	30	2.515,74
28	267114-301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSONAS CON PARALISE CEREBRAL	HIDROTHERAPIA: REHABILITACIÓN LÚDICA PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	31	2.500,00
35	267212-301	FADEMGAL PLENA INCLUSION GALICIA	Servizos de emprego específicos para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento da provincia de Pontevedra	45	2.500,00
1	266271-301	FUNDACION AMEDIS	PROGRAMA TIC 2024	32	2.459,18
11	266672-301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLÓXICOS HOSPITAL ALVARO CUNOUEIRO	Alumino, proxecto de Atención Integral ao nen@ con patoloxía oncohematolóxica.	29	2.431,88
42	267230-301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E.S.A)	28	2.348,02
32	267146-301	FUNDACION JUAN SOÑADOR	PROXECTO EDUCATIVO NA RÚA VIGO	27	2.264,16
26	267112-301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDADE Y DEFICIT DE ATENCIÓN ANHIDA	TERAPIA PSICOPEDAGOXICA PARA NENOS CON TDAH	26	2.180,30
33	267203-301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	Fisioterapia aplicada á mellora da psicomotricidade	27	2.100,00
23	267081-301	ASOCIACION SON DAS FLORES	SON DAS FLORES, MÚSICA PARA A TRANSFORMACIÓN	25	2.096,45
12	266735-301	ASOCIACION PLAN COMUNITARIO DE TEIS	Guindastres	24	2.012,59
18	266874-301	FUNDACIÓN AMIGÓ	PROXECTO CONVIVENDO	24	2.012,59
8	266653-301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTERNATIVA	VIVE DEPORTIVAMENTE AÑO 2024 CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN	31	1.900,00
31	267145-301	ASOC GALLIÇA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	OCIO INCLUSIVO NAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	22	1.844,87
47	267237-301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARRALLO	"Vivir en activo e igualdade 2024"	22	1.844,87
9	266654-301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES ENFERMOS MENTALES DE GALICIA	Programa Integral de Información Atención Sociofamiliar a Coidadores Familiares e Persoas con Enfermidade Mental	21	1.761,02
30	267144-301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN FISIOTERAPÉUTICA A PERSOAS CON ESCLEROSE MÚLTIPLE	29	1.750,00
13	266759-301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE PRESTAMO DE MATERIAL A PACIENTES EN SITUACIÓN DE ENFERMEDAD AVANZADA Y/O TERMINAL	20	1.677,16
16	266762-301	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	1.593,30
41	267229-301	ASOCIACION DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES AMENECR-ASPACE	SERVIZO DE VALORACIÓN E INFORMACIÓN PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL E OUTROS TRASTORNOS NEUROMOTORES	19	1.593,30
48	267238-301	CENTRO CULTURAL VEICNALE DEPORTIVO VIGO CENTRO	MÓVETE CON NÓS	19	1.593,30
2	266308-301	FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	PROXECTO VERBAS	18	1.509,44
17	266832-301	ASOC DIAGNOSTICADAS DOS DE CANCRO DE MAMA	POLO MESMO CAMIÑO 40: PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E OU XINECOOLÓXICO E OS SEUS FAMILIARES, CONCELLO DE VIGO	18	1.509,44
44	267232-301	ASOC DA III DADE NEVOX	"NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE"	18	1.509,44



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTA CIÓN OBTID A	IMPORTE CONCEDIDO (€)
267236-301	FUNDACION DE LA SANTA CRUZ	EL ARTE DE VIVIR	18	1.509,44
266378-301	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA	Proxecto Escolas de Aprendizaxe para familias de nenos con hemofilia do Concello de Vigo	17	1.425,58
266881-301	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	"VIVIR EN ACTIVO 2024"	17	1.425,58
267111-301	ASOCIACIÓN CULTURAL GALLEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	MAIORES EN REDE II	17	1.425,58
267220-301	ASOCIACION DE NENAS NENOS E XENTE NOVA CON DIABETES DE GALICIA	DIABETES TIPO VIGO	16	1.341,73
267235-301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	TALLER TEATRO PARA MAIORES	16	1.341,73
266586-301	ASOC DE COLABORACION Y PROMOCION DEL SORDO	"INFORMACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN SOBRE LA RELACIÓN ENTRE LA PÉRDIDA AUDITIVA Y DETERIORO COGNITIVO"	15	1.257,87
267221-301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDIA EN BEADE 2024	15	1.257,87
267219-301	ASOCIACION ALCKER	"ALCKER ACOMPAÑA" A IMPORTANCIA DO APOIO PSICOSOCIAL NAS PERSOAS CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO	22	1.010,00
267113-301	ASOCIACION PEQUES AZULES	UN SONHO	22	540,00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 24.05.2024:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTA CIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
267214-301	FUNDACION INGADA	PREVENCIÓN DOS RISCOS NO TDAH	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
267217-301	CONFRATERNIDAD CARCELARIA DE ESPAÑA	CONVERSAS QUE RESTAURAN, REPARACIÓN ÁS VÍTIMAS, VIGO	2	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
267015-301	ASOC BENEFICA BEIRAMAR DE VIGO	CONTRUE VIGO DENDE A TUA FAMILIA	0	BASE 3.2 Non se encadra na ámbito de actuación dos servizos sociais
267239-301	ENTIDAD I.DE ACCION Y AYUDA SOCIAL EIA	Curso de Competencias Digitales para persoas maiores	0	BASE 2- Proxecto non subvencionable. Non se trata dun proxecto da área dos servizos sociais.
267519-301	ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA AMIGOS DE VENEZUELA	CURSO EMPRENDIMIENTO ESPAÑA	0	BASE 2- Proxecto non subvencionable. Non se trata dun proxecto da área dos servizos sociais.
266442-301	ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	Servizo de apoio e asesoramento ás familias con fillos e fillas en risco de exclusión	0	BASE 3.2 – Proxecto con escasa relevancia ou repercusión.

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(723).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A PRÓRROGA DO CONTRATO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 263181/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado polo asesor xurídico adxunto á Área de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 24.09.2020, acordou: «*Adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%. b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*».

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.11.2020, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2020, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. No ano 2022 tramitouse no Exp. n.º 241411/301 (2022), unha modificación deste contrato para poder asumir o maior gasto representado polo aumento de horas/usuarios de SAF-dependencia concedidas ó Concello de Vigo pola *Consellería de Política Social* da Xunta de Galicia e a demanda existente do servizo de persoas valoradas con Grao III e Grao II de dependencia. Ese incremento foi de 220.872 horas anuais de dependencia e de 4.462.172,41€ do prezo do contrato.

I.5. No exercicio de 2023 tramitouse no Exp. n.º 247953/301 a 1ª prórroga do contrato de SAF, para o periodo 01.12.2023 – 30.11.2024, que foi aprobada pola XGL en sesión do 20.04.2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

I.6. Con base nas mesmas previsións contractuais, tramitouse neste ano 2024 a 2ª prorroga do contrato de SAF para o periodo 01.12.2024 – 30.11.2025, que tamén foi aprobada pola XGL do 07.06.2024 (Exp. n.º 263181/301):

«PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2024 e ata o 30.11.2025, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.09.2020 á entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890) por un prezo de 23.189.492,97 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 30.11.2020, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

O contrato prorrogase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2020 e a modificación acordada no ano 2022 (incremento do prezo do contrato en 4.462.172,41€), formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 10.574.116,40 € que representa esta segunda (2ª) prorroga a favor de «Servisar Servicios Sociales SLU», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.01 - “Prestación do Servizo de Axuda no Fogar”, correspondendo 881.176,37 € ó exercicio de 2024 (do 01.12.2024 ó 31.12.2024) e 9.692.940,03 € ó exercicio de 2025 (do 01.01.2025 ó 30.11.2025).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

I.7. O anterior acordo foille debidamente notificado ó contratista o 15.07.2024 (trámites núms. 47 e 58) que, no prazo concedido para o efecto, deduciu recurso potestativo de reposición mediante escrito do seu representante, D. Agustín Modesto Lopesino Sousa, asinado o 12.08.2024 (Rexistro electrónico do 12.08.2024; Doc. nº 240243092; trámite nº 59 do Exp. nº 263181/301) co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vigo (BOP nº 14, do 22.01.2010).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o referido Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.06.2024 polo que se decidiu prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2024 e ata o 30.11.2025, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar que lle foi adjudicado á mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» pola Xunta de Goberno Local do 24.09.2020 (Exp. n.º 263181/301).

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo e forma polo representante legal (apoderado) de «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890), D. Agustín Modesto Lopesino Sousa (DNI nº ****6813**), segundo así ten acreditado xa perante esta Administración mediante escritura pública de data 02.02.2018 e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP).

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. No seu escrito de recurso, o representante de «Servisar Servicios Sociales SLU» solicita do órgano de contratación que anule o acto administrativo impugnado (acordo da XGL do 07.06.2024) nos seguintes termos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

“1. Declare contrario a Derecho y anule la Resolución de la Junta de Gobierno Local, por la que se acordó la prórroga del contrato de Servicio de Ayuda en el hogar por un periodo de 1 año, desde el 01.12.2024 hasta el 30.11.2025.

2. Acuerde incoar expediente administrativo de resolución del contrato por la causa prevista en el art. 211.1.g) LCSP, así como inicio de procedimiento para la adjudicación del nuevo contrato, aplicando la tramitación de urgencia a ambos procedimientos, en los términos previstos en el art. 213.6 LCSP.

3. Declare el derecho de mi representada así como el correlativo deber del Concello de Vigo de indemnizar los daños y perjuicios que se irroguen a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES derivados de la imposición de la prórroga forzosa que es objeto de impugnación, y que se calcularán al finalizar de forma efectiva la prestación del servicio en la fase de liquidación del contrato”.

III.5. Para opoñerse a esta 2ª prórroga o contratista ven a reiterar en seu recurso, en esencia, os mesmos ou semellantes argumentos utilizados, sen éxito, en relación co acordo polo que se dispuxo a 1ª prórroga deste contrato. Tales argumentos foron expresamente rexeitados conforme a Dereito tanto en vía administrativa (Acordo da XGL do 20.04.2023) como en sede xurisdiccional, a teor da **Sentenza n.º 63/2024 do XCA n.º 2 de Vigo de data 21.03.2024** (recorrida en apelación), desestimatoria das pretensións do contratista coas seguintes consideracións e fallo:

«...por la actora se mezclan, interesadamente, o no, dos cuestiones que no admiten esa confusión, y son las siguientes: Por un lado, la posibilidad para la demandada, obligación para la actora, de acordar la prórroga forzosa del contrato que les une, y por otro, los efectos económicos de esa mayor duración contractual, la eventual ruptura de su equilibrio económico, o las posibilidades de su modificación.

En relación a la primera cuestión que es la que exclusivamente constituye el objeto litigioso, porque ese es el contenido de la actuación impugnada, será interesante discutir si la prórroga se contempla en el contrato, y en caso de ser así, si se ha acordado de acuerdo con las formalidades legales y contractuales. El caso es que sobre este capital aspecto nada hay ni en la demanda, ni en la prueba, o mejor dicho, lo que hay es que se reconoce por la actora la existencia de la prórroga prevista en los pliegos, como posibilidad para el Concello de Vigo, como deber para la contratista, en caso de ser acordada, incondicionada, y sujeta al preaviso que no se discute se hubiese respetado (...).

Por todo, ya se comprende no solo la desestimación de la demanda sino que también, para nada tienen posible acogida las pretensiones subsidiarias que se han formulado en orden a obtener una condena de la demandada a indemnizar a la recurrente por la totalidad de los gastos en los que se incurra y que se generen durante la ejecución de la prórroga o de las prórrogas.

(FALLO) Desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora María Miranda Valencia, en nombre y representación de “Servisar servicios sociales, S.L.” frente al Concello de Vigo, y la resolución de su junta de gobierno local del Concello de Vigo, de 20 de abril de 2.023, por la que se acordó prorrogar de forma expresa por un periodo de un (1) año, desde el 01.12.2023 hasta el 30.11.2024 el contrato de “Servizo de Axuda no Fogar”. Con imposición de costas».

III.6. En consecuencia, o órgano de contratación (XGL) debería tamén rexeitar expresamente o recurso deducido agora fronte ó seu acordo do 07.06.2024 en base ós mesmos motivos formulados polo Servi-

zo de Benestar Social, nos que se razona a inviabilidade dos pedimentos do contratista nos seguintes termos:

- O Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.
- Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).
- O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.
- A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).
- Tal como sinala, entre outras, a STS do 19.05.2021 (Sentencia n.º 700/2021; Rec. n.º 5436/2019): «...la prórroga forzosa en los términos del art. 23.2 TRLCSP, fue un elemento esencial de la publicidad del procedimiento de adjudicación y, al ser aceptado por el contratista, que no solo no impugnó este aspecto, sino que aceptó dos prórrogas anteriores, deviene en ley del contrato, que vincula a la Administración y al contratista, conforme hemos declarado en reiterada jurisprudencia».
- O contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.12.2020 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.
- Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura de Área (responsable do contrato) e a Concelleira delegada, consideraron conveniente autorizar as dúas prórrogas previstas, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas e familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.
- A dúas prórrogas do contrato acordadas realízanse nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal suscrito o 30.11.2020 e a modificación acordada no ano 2022, formalizada en documento administrativo con data 23.11.2022.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Como acertadamente sinalou o Ilmo. Sr. Xuíz do XCA n.º 1 de Vigo na súa **Sentenza n.º 63/2024, do 21.03.2024**: «...cuando el art. 29.2 LCSP dice: “El contrato podrá prever una o varias prórrogas, siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de éstas..”, A lo que se está refiriendo es a su objeto, no a sus costes, se refiere a sus características, a las peculiaridades de ejecución...».

- O contratista manifestaba no seu escrito de data 22.03.2023 a súa oposición expresa á continuación da execución do contrato de non mediar o reequilibrio económico que postulaba, solicitando en caso contrario, subsidiariamente, a resolución do mesmo “*por imposibilidad de ejecución en las condiciones actuales*” e pretendería condicionar agora a viabilidade da 2ª prórroga prevista e acordada polo órgano de contratación á indemnización que, con base nun informe pericial desacreditado xudicialmente, esixe desta Administración.
- É o caso que o órgano de contratación (XGL) desestimou expresamente eses pedimentos do contratista (reequilibrio económico / resolución do contrato) no seu acordo do 01.06.2023; acordo que foi tamén integramente ratificado en vía xudicial, a teor da **Sentenza n.º 98/2024 do XCA n.º 1 de Vigo de data 20.05.2024** (recorrida en apelación perante o TSXG), na que se explican polo miúdo os motivos desa desestimación e que, resumidamente, son os seguintes:
 - «...son diversos los motivos que conllevan la desestimación de las pretensiones de la parte actora: 1) En primer lugar, la **prohibición expresa de revisión de precios prevista en el pliego y el contrato** y el **principio de inmutabilidad de los contratos públicos**. 2) En segundo lugar, el **principio de riesgo y asumido por el contratista**. 3) En tercer lugar, la **excepcionalidad de la modificación de los contratos públicos** en jurisprudencia y en la legislación vigente. 4) En cuarto lugar, la **improcedencia de la revisión de precios basada en el aumento de costes laborales**. 5) En quinto lugar, la **inexistencia de causa extraordinaria**».
 - «...**En relación con el informe pericial coincidimos con la Administración demanda que resulta inidóneo, porque solo acredita parcialmente, aspectos concretos de la economía del contrato**, solo examina un período de seis meses del total del contrato, prescindiendo del período de la primera prórroga. El incremento del IPC no se produce justo en el momento en que se acuerda la prórroga, sino que tanto el informe pericial como la fuente primaria a la que se acude (que es o INE) muestran que estos incrementos se produjeron ya con anterioridad, durante el período ordinario de prestación del contrato antes de la prórroga, y también cuando se modifica el contrato con la conformidad del contratista. Y no consta que en ninguno de esos momentos hubiese puesto de manifiesto esa exagerada subida del IPC. En cualquier caso, las precisiones del IPC y sus incrementos de vincular a alguna parte (STS 26/1/2010, Rec. 96/2009), es a la demandante, como empresario de sus trabajadores, y en ningún caso al Concello de Vigo, lo que es conforme, con la cláusula 29.3 del LPAC».

Todos eses motivos deron lugar ó seguinte

«FALLO

Que desestimando como desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por «SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL, frente AL CONCELLO DE VIGO, seguido como Procedimiento Ordinario 226/2023, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que se considera conforme al ordenamiento jurídico. Se imponen las costas procesales a la parte actora en la cuantía de doscientos euros más impuestos».

- Reiteramos aquí que, na nosa opinión, os argumentos do contratista non poden enervar as previsións contractuais sobre prórroga deste contrato polas seguintes razóns:
- 1) O principio da eficacia vinculante do contrato e da invariabilidade das súas cláusulas é a norma xeral que rexe no noso ordenamento xurídico, tanto para a contratación privada como para a contratación administrativa pública. Asinado o contrato, aplícase o principio clásico “*pacta sunt servanda*” conforme ó que as obrigas que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes contratantes e deben cumprirse a teor das súas cláusulas, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas (Arts. 1091 e 1258 CC e Art. 189 LCSP).
- 2) As dúas prórrogas anuais do contrato do SAF asinado entre o Concello de Vigo e a mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» o 30.11.2020 son obrigatorias para o contratista, tal como se recolle no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) e no propio contrato (cláusula 4), do que forman parte os Pregos de contratación, ós que o contratista prestou expresa aceptación e que constitúen a lei do contrato.
- 3) Os únicos requisitos esixidos para o efecto son a adopción de acordo expreso por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (órgano de contratación) e a súa notificación ó contratista, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do seu prazo de duración (cláusula 7 PCAP).
- 4) A teor da cláusula 29.3 do PCAP do contrato suscrito polo Concello de Vigo con «Servisar Servicios Sociales SLU»: **«O adxudicatario asume de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo».**
- 5) Conforme co Art. 197 da LCSP e a cláusula 27.3 do PCAP, este contrato ten que executarse “a riesgo y ventura” do contratista, o que implica que este deba asumir os riscos a que estea exposto o desenvolvemento do contrato e que repercuten no beneficio económico que agarda obter.

A doutrina do Tribunal Supremo é moi clara ó respecto: a contratación administrativa caracterízase por «llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista». Sinala tamén que «en lo que concierne a las alteraciones de la economía del contrato, la expresa aplicabilidad del principio de riesgo y ventura hace que el contratista, al igual que se beneficia de las mayores ventajas que en relación con las previstas le depara la



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

dinámica del contrato, ha de soportar la mayor onerosidad que para él pueda significar su ejecución». (STS do 20.07.2016).

En efecto, a proclamación legal do principio de “riesgo y ventura” (Art. 197 LCSP) leva inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato, que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato nono libera de cumprir o estritamente pactado nin lle faculta para apartarse do vínculo contractual ou para reclamar a súa modificación.

Como se afirma na STS do 13.02.2018, isto quere dicir que se por circunstancias sobrevidas se incrementan os beneficios do contratista sobre aqueles inicialmente calculados, a Administración non poderá reducir o prezo, «mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización».

- 6) A precitada Sentencia do Tribunal Supremo do 20.07.2016 indica tamén que para que proceda o reequilibrio financeiro do contrato en aplicación do principio de “riesgo y ventura” non abonda con que a súa economía resultase alterada, senón que é preciso que a causa desa alteración fose o “factum principis”, o exercicio do “ius variandi” ou a concorrencia de circunstancias calificables de “feito imprevisible”. Como a seguir veremos, na nosa opinión non concorre ningún destes supostos.
- 7) De acordo coa normativa vixente, na maioría dos contratos de servizos a revisión de prezos non está contemplada como un sistema que permita solventar unha situación de incremento dos custos salariais como consecuencia de eventuais cambios dun convenio colectivo e, ademais, a propia lexislación contractual limita, nos supostos nos que sexa posible, a revisión deses custos, excluíndoos en xeral desta posibilidade (Art. 103 LCSP e Art. 7 RD.55/2017, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da L.2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española).
- 8) No caso concreto que nos ocupa, conforme coa LCSP (Art. 103), a revisión de prezos está excluída expresamente do contrato de servizos formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «Servisar Servicios Sociales SLU» para a prestación do SAF (cláusulas 33 e 3.K das FEC – PCAP).
- 9) Por outra banda, a única modificación prevista nos Pregos deste contrato é a relativa ó seu prezo, derivada (exclusivamente) do “incremento das horas de prestación do servizo” e co límite do 20% (Art. 204 LCSP e Apdos. A], B], C] e D] das FEC – PCAP).
- 10) Consonte co Art. 205 da LCSP e a precitada cláusula 29.3 do PCAP, non procedería unha modificación non prevista do contrato por incrementos salariais sobrevidos derivados da estricte aplicación do convenio colectivo pactado entre os empresarios e os traballadores do sector, na medida en que non pode considerarse ese incremento como unha circunstancia sobrevida e “imprevisible”.
- 11) Ademais, como xa tivo ocasión de manifestar a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, con apoio no Art. 203.1 da LCSP, a modificación do contrato refírese a un cambio no obxecto do mesmo: «...la modificación del contrato, tanto en la Directiva como en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se refiere al cambio del objeto

del mismo, esto es, a la prestación que desarrolla el contratista a favor de la entidad contratante, no al precio...».

Polo tanto, o incremento nos prezos que compoñen o actual contrato de SAF non implica, en sentido técnico-xurídico, un cambio no seu obxecto, polo que non procedería a súa modificación.

Á marxe do anterior, desde o punto de vista material, unha modificación que afectase ó prezo do contrato sería claramente unha revisión de prezos encuberta (e prohibida) e, ó mesmo tempo, suporía unha alteración das condicións do contrato que afectaría a dous elementos fundamentais do mesmo, definidos na súa fase de preparación, como son o orzamento e o valor estimado.

- 12) Neste sentido, lémbrese que o prezo deste contrato foi calculado polo Servizo xestor tendo en conta o previsto no “Convenio colectivo para a actividade do servizo de axuda a domicilio de Galicia” (DOG n.º 31, do 16.02.2010), como así se recolle na súa Memoria Xustificativa (Apdo. 6). Nese Convenio estaba e está contemplado que para o caso de denuncia do convenio e mentres non se chegue a acordo sobre o novo, aplicaríase o incremento de “todos os conceptos económicos” vencellado ó IPC do ano anterior desde o primeiro mes do ano, independentemente da evolución do PIB (Art. 7: “Denuncia e prórroga”). Desda previsión concreta do Convenio colectivo dérivase agora o incremento salarial que o contratista considera inasumible.
- 13) Ademais de non poder considerarse unha circunstancia “imprevisible”, o incremento dos custos salariais do persoal do SAF non deriva dunha actuación desta Administración contratante, senón da negociación colectiva que libremente levaron a cabo no ámbito laboral os representantes dos traballadores e dos empresarios e na que, obviamente, non participou o Concello de Vigo.

Así as cousas, non concorren por ese incremento os requisitos necesarios para poder considerar a eventual procedencia do reequilibrio do contrato por aplicación do mecanismo do “*factum principis*”.

Se a vontade da Administración pública contratante (Concello de Vigo) resulta completamente allea a esa negociación colectiva no eido laboral, carecería de toda lóxica que as consecuencias derivadas da mesma, concretadas en incrementos salariais que teñen causa no Convenio colectivo de ámbito autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia suscrito o 03.11.2009 entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, tivesen que ser soportadas e financiadas con cargo ós orzamentos municipais.

Obviamente, tampouco ningunha responsabilidade ten o Concello de Vigo en que se frustrasen as negociacións iniciadas en 2022 entre a patronal e os sindicatos para a subscripción dun novo convenio colectivo (con revisión salarial desvinculada do IPC) e que deron lugar a un preacordo que finalmente no foi ratificado por toda a representación sindical.

- 14) Se algo demostra a realidade é que resulta moi difícil prever tanto a evolución do IPC como o seu impacto real na economía en xeral e na contratación pública en particular. Proba disto é que en 2020 situouse no -0,50% e nos tres anos seguintes acadou o 6,50%, o 5,70% e o 3,10%, respectivamente. Nesta altura, resulta igual de problemático aventurar cál será o IPC final en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

2024 (en xullo/2024 sitúase no 2,8%) e a súa repercusión no que resta de prórrogas deste contrato.

Agora ben, non debe esquecerse que se na economía do contrato formalizado con «Servisar Servicios Sociales SLU» ten tanta influencia o IPC é porque no seu momento (2009) as partes negociadoras do Convenio colectivo pactaron aqueles incrementos retributivos vinculados directamente a ese Índice e porque, nun escenario posterior moi distinto (2022), non foron quen de acordar un novo Convenio nos termos propostos pola parte empresarial: desvincular os incrementos salariais do IPC, establecer incrementos substanciais para as novas licitacións e incrementos inferiores para os servizos con contratos vixentes.

15) Tal como se recolle con toda claridade na precitada **Sentenza nº 98/2024 do XCA nº 1 de Vigo de data 20.05.2024:**

– «La Sentencia del TS de 20.7.2016, así como las Sentencias de 15.3.2007 (RJ 2007/2897) y 2.4.2008 (2008/2389) niegan que el incremento de los costes salariales acordados por convenio colectivo con posterioridad a la formalización de un contrato de servicios justifique la concurrencia de un riesgo imprevisible. Por el contrario califica la firma de nuevos convenios colectivos que aumentan salarios como hechos conocidos o previsibles para las empresas adjudicatarias constituyendo cuestión ajena a la Administración. La Sentencia de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del TSJ del País Vasco de 28.2.2017, nº 83/2017, recurso 622/2015, tras la cita de la sentencia del Tribunal Supremo de 28 de octubre de 2015 (casación núm. 2785/2014), confirmatoria de lo ya dicho en la anterior de 28 de enero de 2015 (Recurso núm. 449/2012), parte de la premisa de que “no toda alteración de la economía del contrato conlleva su reequilibrio financiero, sino tan solo supuestos tasados, conforme consolidada doctrina jurisprudencial sobre la materia, que recuerda la STS de 20 de julio de 2016 (recurso nº 339/2015)”. Y a continuación descarta en el supuesto de hecho enjuiciado la concurrencia de los casos de “ius variandi” o “factum principis”, “en tanto que, como se ha dicho, el alegado desequilibrio del contrato deriva, no de la actuación de la Administración contratante, sino de circunstancias ajenas a la misma, como son las relaciones laborales internas de la adjudicataria, y el establecimiento de las condiciones salariales de sus empleados (sean o no por subrogación), que le competen y quedan en principio extramuros de la contratación administrativa, por ende, no afectantes al precio del contrato; sin que se mencione cláusula contractual que habilite a la mercantil actora para repercutir sobre el Departamento de Salud la carga económica soportada por el incremento de los costes sociales previstos en el Convenio Colectivo firmado el 29 de abril de 2014; de igual forma, ha de excluirse la existencia de causa de fuerza mayor».

– «...la voluntad de las entidades públicas resulta completamente ajena a la negociación colectiva. Desde el punto de vista material una modificación que afectase al precio de los contratos sería claramente una revisión de precios encubierta, no prevista en el contrato, debiendo ser asumida esa subida por el contratista en virtud del principio de riesgo y ventura que rige la ejecución del contrato...».

16) No procedemento licitatorio tramitado en 2020 para a adxudicación do contrato de SAF no Concello de Vigo, «Servisar Servicios Sociales SLU» foi o licitador que presentou a maior baixa de todos os presentados, propoñendo unha porcentaxe única de redución do prezo unitario fixado no Apdo. 3.G das FEC (17,99€/h, IVE incl.) do 7,20 %, o que se traduciu nun

prezo/hora de 16,69€/h, IVE incl., pola que obtivo a puntuación máxima prevista no PCAP de 45 ptos.

Como consta na documentación do expediente, formulou a súa oferta económica tendo en conta, para o cálculo dos gastos de persoal, que: *“El convenio de aplicación es el Convenio Colectivo para la actividad de Ayuda a Domicilio en la Comunidad Autónoma de Galicia. Se ha estimado un coste de seguridad social del 32%. Las revisiones salariales contempladas son del 1% para cada año”*.

É claro que esas previsións de revisión salarial do licitador, estimadas a partir dos datos do IPC promedio de exercicios anteriores, quedaron sobrepasadas pero, como tamén suliña a “Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado”, o incremento dos custos da man de obra derivados dos convenios colectivos “forma parte del alea normal del contrato y es un riesgo propio de la ejecución del mismo, riesgo que el contratista debe soportar...”.

- 17) O órgano de contratación aprobou a 2ª prórroga do contrato do SAF exactamente nos mesmos termos xa pactados con «Servisar Servicios Sociales SLU», sen introducir variación ningunha en relación co servizo que se presta na actualidade, vixente aínda a 1ª prórroga (01.12.2023 – 30.11.2024).
- 18) Á marxe dos supostos taxados na regulación xeral da contratación pública, o reequilibrio só procederá cando estea previsto no propio contrato (o que non é o caso) e cando unha lei especial regule hipóteses específicas de alteración da economía inicial do contrato e estableza medidas singulares para restablecela.

Por esta razón, entendemos que a compensación ou reequilibrio económico ó que aspira o contratista debido ó incremento dos custos salariais do persoal adscrito ó servizo de SAF debería ter resposta, de ser o caso, noutro ámbito, como xa se fixo polo lexislador estatal a través do RDL.3/2022, do 1 de marzo de 2022, de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, modificado polo RDL.6/2022, do 29 de marzo; disposición únicamente aplicable ós contratos de obras e relativo ó incremento do custo de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, sen incluír o prezo da enerxía.

III.7. En todo caso debe quedar claro que o obxecto do presente recurso é o acordo da XGL do 07.06.2024 relativo á 2ª prórroga do contrato con «Servisar Servicios Sociales SLU» para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (Exp. n.º 263181/301) e non o o acordo do mesmo órgano do 01.06.2023, desestimatorio da solicitude de reequilibrio económico plantexada polo contratista, que integra un procedemento administrativo e xurisdiccional distinto (Exp. n.º 197921/301 – PO 226/2023) e que, como dixemos antes, foi confirmado integramente pola Sentenza n.º 98/2024 do XCA n.º 1 de Vigo de data 20.05.2024.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

a)

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola mercantil «Servisar Servicios Sociales SLU» (B-48758890), mediante escrito do seu representante, D. Agustín Modesto Lopesino Sousa, asinado o 12.08.2024 (Rexistro electrónico do 12.08.2024; Doc. nº 240243092) contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 07.06.2024 polo que se decidiu prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2024 e ata o 30.11.2025, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar que lle foi adjudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.09.2020 (Exp. nº 263181/301).

SEGUNDO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(724).- SOLICITUDE DE AXUDAS Á XUNTA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3. EXPTE. 98321/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2024, asinado polo técnico do servizo de Educación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia nº 167, do 30 de agosto de 2024, publicáronse a Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 9 de agosto de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D), así como o Extracto da devandita Orde.

Estas axudas van dirixidas ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e constan de dúas liñas: a liña 1, que financiará gastos de mantemento, e a liña 2, que compensará a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos.

O Concello de Vigo podería solicitar estas axudas, en relación ás nove escolas da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM).

A solicitude desta axuda non supón un novo gasto para o Concello de Vigo por canto a xestión das Escolas Infantís Municipais lévase a cabo mediante contratos de servizo con empresas xestoras, polo que o custe deste servizo está comprometido nos correspondentes expedientes de contratación. En base a isto non é necesario o envío deste expediente á fiscalización pola

Intervención Municipal, servizo ao que, de ser o caso, se dará conta da resolución de concesión da axuda.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto do Alcalde de Delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 124 de data 28 de xuño de 2023).

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude as axudas tanto para a liña 1 polos gastos de funcionamento das nove Escolas Infantís Municipais como para a liña 2 polo 100% do prezo da atención educativa e matrícula para o alumnado destas nove escolas para o curso 2024/25, conforme á Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 9 de agosto de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25.

Segundo.- Facultar á concelleira delegada de Educación para asinar a solicitude de subvención conforme ao procedemento establecido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(725).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A. SOBRE O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOCIAL EN RELACIÓN CO MEDIO AMBIENTE, DENTRO DO “PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO”. EXPTE.18098/306.

Visto o informe xurídico do 06/09/2024 e o informe de fiscalización do 09/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/09/2024, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 2 de setembro de 2024, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camión a Camión” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración, redacta unha proposta de convenio asinadas dixitalmente o 03 de setembro de 2024, e conformadas pola concelleira delegada de Medio Ambiente na mesma data.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

3.- A representación legal da entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc. 240266835, de data 05/09/2024) asinando electrónicamente o proxecto de convenio en proba de de conformidade. Tamén, ten remitido certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e copia da escritura pública de apoderamento do representante legal da entidade que consta incorporada ó expte.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA., ten atribuído competencias no “medio ambiente urbano”, “residuos” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde do 28 de xuño de 2024, (BOPPO 09/07/2024), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos e disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores, a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e), como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, o Concello de Vigo a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa Camiño a Camiño e outros.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 9 de agosto de 2024, o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2024, a desenvolver de setembro a outubro de 2024, segundo expte. 18008/306.

A execución das actividades obxecto do proxecto pretenden desenvolverse a través dun convenio de colaboración empresarial que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo. Este artigo establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo

que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

En cumprimento do apartado terceiro da parte resolutiva do dito acordo da Xunta de Goberno Local do 09 de agosto de 2024, no que se indica:

“(...)

Terceiro.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de sete días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

(...)”

procedeuse a publicación do acordo e do proxecto de actividades íntegro, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data 20/08/2024.

Durante o prazo indicado de sete días hábiles que rematou o 29/08/2024, foi presentada unicamente unha solicitude de colaboración empresarial en especie no “Proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2024”, da entidade Vego Supermercados, S.A., executando directamente a totalidade das actividades proxectadas e o seu transporte cuxo importe total destas actividades ascende a 22.577,50€, IVE engadido, (doc. 240249648, de data 21/08/2024)

A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 2 de setembro de 2024, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración empresarial e redactouse a correspondente memoria xustificativa e proposta de convenio ao abeiro do artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro.

En virtude do convenio, a referida entidade pretende colaborar co Concello de Vigo:

No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Galicia, que se realizaran os días 29 de setembro e 6, 13, 20 e 27 de outubro de 2024; previstas no proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de agosto de 2024, segundo expte. 18008/306, ata un importe máximo de 22.577,50 euros (IVE engadido), en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe, organización e transporte das referidas actividades ata o importe citado.

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo a cambio dunha axuda económica, neste caso en especie que consiste na execución directa das actividades de interese xeral municipal, se compromete por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e encádrase dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40^a.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U., CIF A36651313, para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 18098/306 e co texto que de seguido se indica.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U. (GRUPO VEGALSA-EROSKI) EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL

En Vigo, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. José Manuel Ferreiro Sánchez, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambirinus nº 11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo, Don Fernando Olmedo Castañeda, en data 8 de febreiro de 2024, co número 351 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde do 28 de xuño de 2024, (BOPPO 09/07/2024), en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de interese xeral de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concellería de Medio Ambiente, autorizou en sesión do 9 de agosto de 2024, o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2024, a desenvolver de setembro a outubro de 2024, segundo expte. 18008/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto, unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto "Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero" que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o "proxecto Tenda Sustentable". Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema "Dálle cor á natureza". Igualmente realiza unha actuación anual de "Plantación de Árbores" na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto "Tenda Sustentable" recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa Vego Supermercados, S.A.U., co Concello de Vigo no fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, todas elas de interese xeral, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de fomento de actividades de sensibilización e educación ambiental cara a protección do medio ambiente, segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o

Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica en especie, execución directa das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades

Ámbalas partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- *Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:*

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe do monitorado, organización e transporte de percorridos das cinco rutas por Galicia, que se realizaran os días 29 de setembro e 6, 13, 20 e 27 de outubro de 2024; previstas no proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de agosto de 2024, segundo expte. 18008/306, ata un importe máximo de 22.577,50 euros (IVE engadido), en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización, monitorizaxe e transporte das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiránse por outras proxectadas que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira delegada de Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

SÉPTIMO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U. está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercer o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

OITAVO.- O presente convenio encádrase dentro dos convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral que prevé o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, ten natureza administrativa e non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os

principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, os artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan electronicamente este convenio no lugar e data indicada no seu encabezamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(726).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 11708/320.

Visto o informe de fiscalización do 06/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/01/2024, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598****), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 240037395), que xunto coas achegas posteriores de datas 28/06/2024 (docs. 240209522 e 240209529) e 02/07/2024 (doc. 240211516), solicita a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2024, entre 1/10/2023 ata o 30/09/2024, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 12/07/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/07/2024.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 12/07/2024.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 02/07/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (1/10/2023-30/09/2024)	
Aluguer local	16.200,00 €
Subministro auga e enerxía eléctrica	750,00 €
TOTAL	16.950,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (1/10/2023-30/09/2024)	
Cotas socios	3.950,00 €
Subvención Concello de Vigo	13.000,00 €
TOTAL	16.950,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas

- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”*”, cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 o servizo de Participación Cidadá deu inicio ao expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 02/07/2024 da Tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral do Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” (G36821817), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"" (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11708/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre

outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación

de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

(Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo

dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: G36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11708/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades

máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2023 e 2024, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 13.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 1/10/2023 ata o 30/09/2024, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2023-30/09/2024)	
Aluguer local	16.200,00 €
Subministro auga e enerxía eléctrica	750,00 €
TOTAL	16.950,00 €

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000€ (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 1/10/2023 e o 30/09/2024, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 1/10/2023 ata o 30/09/2024.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas

polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de

identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

b) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

c) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegárase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

e) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Declaración responsable asinada electrónicamente, do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

g) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica.

9(727).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 11698/320.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Visto o informe de fiscalización do 04/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 11/03/2024, Dona Ana María Argibay Villaverde (DNI: 3602****), en calidade de presidenta da “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” (CIF: G36820637), achegou escrito (doc. N°240082853) solicitando a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2024, entre os meses de outubro de 2023 a setembro 2024, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social. Posteriormente, o 14/06/2024 achegou a documentación (doc. N°240177207) requirida polo Concello de Vigo para poder continuar coa tramitación de dito convenio.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Argibay Villaverde, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 30/05/2024.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/2024.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 31/05/2024.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

S.ord. 13/09/2024

5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO (01/10/2023-30/09/2024)	
Alugueiro Local	3.630,00 €
Xestoría	1.452,00 €
Subministro Auga	250,00 €
Subministro Electricidade	120,00 €
TOTAL	5.452,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2023 a setembro 2024)	
Convenio Concello	5.000,00 €
Cotas Socios	452,00 €
TOTAL	5.452,00 €

8. Contrato de alugueiro.
9. Xustificante bancario acreditativo da vixencia do seguro de responsabilidade civil.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 515/97, segundo decreto de Alcaldía de data 08/04/97.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 "Convenio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e o concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, asinaron a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 03/06/2024 a Tesourería Municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO" (G-36820637), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e alugueiro do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*".

A entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

I. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Argibay Villaverde, con DNI 3602*****, en calidade de Presidenta da "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11698/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” son gastos de alugueiro e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800001 denominada “*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” (CIF.- G36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00€ (cinco mil euros).

TERCEIRO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE OUTUBRO DE 2023 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana María Argibay Villaverde, con DNI 3602*****, en calidade de presidenta da “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 11698/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivos benéficos
- ✓ Religiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2024, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento e alugueiro do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de outubro de 2023 a setembro de 2024 necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión extraordinaria do 27/12/2023, a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada “Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, nominativa a favor da entidade, cunha asignación orzamentaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de alugueiro e mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2024, cuxa contía total segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/10/2023-30/09/2024)	
Alugueiro local	3.630,00 €
Asesoría	1.452,00 €
Subministro Auga	250,00 €
Subministro Electricidade	120,00 €
TOTAL	5.452,00 €

VIII.- Que a entidade “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación

conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*" unha subvención por importe de **5.000,00 €** (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada "Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", do vixente orzamento municipal (2024), co obxecto de colaborar có financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17 - baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respectar a estrutura organizativa da "*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*".
3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de

axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*” da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1/10/2023 ata o 30/09/2024.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

(EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención, asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación

dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 0531 10 3040008569 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá ao reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

10(728).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3891/321.

Visto o informe xurídico do 05/09/2024 e o informe de fiscalización do 06/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución asinada polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 9 de abril de 2024 e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 11 de abril de 2024 autorizouse o inicio do expediente de CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 9 de abril de 2024, e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 11 de abril de 2024.
2. Memoria económica do contrato asinada pola técnica de Administración Xeral en data 6 de xuño de 2024, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 7 de xuño de 2024.
3. Certificado de existencia de crédito do 6/05/2024 (RC núm. Operación 12024000080561, (RCFUT núm. Operación 12024000080564).
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 6/05/2024.
5. Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 6/05/2024.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 13/06/2024.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 13/06/2024.
8. Pregos de cláusulas administrativas asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 17/06/2024.
9. Informe-proposta de aprobación do expediente asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos en data 17/06/24, polo concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 18/08/24 e polo concelleiro de área de Goberno de Orzamentos e Facenda en data 19/08/24.
10. Informes xurídicos da Asesoría Xurídica de 20/06/2024.
11. Informe de fiscalización da Intervención de 21/06/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

12. Acordo da Xunta de Goberno Local de 21/06/2024 no que entre outros se aproba a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do dito servizo e a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.
13. Anuncio de licitación publicado o 24 de xuño de 2024 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.
14. Anuncio de licitación publicado o 25 de xuño de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea.
15. En data 20 de marzo de 2024, D.^a Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación da mercantil COMBINA SOCIAL SLU, na súa cualidade de apoderada, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas Administrativas Particulares e a Memoria Xustificativa que rexen a presente licitación.
16. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria 26 de xullo de 2024, acordou aprobar o informe ao recurso especial presentado no procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito dependentes do servizo de Participación Cidadá, e dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
17. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de agosto de 2024, acordou tomar razón da Resolución nº 116/2024 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 103/2024, interposto por COMBINA SOCIAL, S.L.U. contra os pregos da contratación para a prestación do “servizo de portería, control de acceso, atención ao público e ás entidades sen ánimo de lucro nos Centros Municipais de Distrito dependentes do servizo de Participación Cidadá”, expediente 3891-321.
18. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e pola concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas en data 02/09/2024.
19. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 04/09/2024.
20. Prego de cláusulas administrativas asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 04/09/2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023, polo que mediante sinatura do concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos de data 9/04/2024 e do concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio,

Participación Cidadá e Festas Especiais de data 11/04/2024, se autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

De acordo ás anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (3891/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do "SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO".

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 4 de setembro de 2024, que rexerán a contratación do "SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO".

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 447.636,04 € para a contratación do "SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO", con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 "AT. O PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS " do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

Parte fixa: 418.581,52 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

	Anualidades	Importe
ACORDO	Ano 2024	17.440,90 €
	Ano 2025	209.290,76 €
	Ano 2026	191.849,86 €
	total	418.581,52 €

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Parte variable 29.054,52 €

11(729).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DO SERVIZO DE VIGOZOO DO CONCELLO DE VIGO (ANO 2024). EXPTE. 44346/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral de RRHH e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que se segue:

	Anualidades	Importe
	Ano 2024	29.054,52 €
	total	29.054,52 €

ANTECEDENTES

I.- Por resolución da concelleira delegada competente de data 26/04/2023 acordouse “Someter á mesa xeral de negociación a proposta do calendario do servizo de Vigozoo, segundo a proposta remitida poa xefatura do Servizo en informe de data 29/11/2023.”

II.- Celebrada a mesa de negociación en relación a “Proposta de calendario do servizo de Vigozoo, segundo a proposta remitida pola xefatura do servizo en informe de data 29/11/2023”; a proposta foi retirada do orde do día pola presidencia por faltar información na mesma.

III.- Solicitada nova proposta de calendario ao servizo Vigozoo aos efectos de que poda ser debidamente sometida a negociación coa representación sindical dos traballadores, a mesma e recibida na área de RRHH e formación o día 06/06/2024 .

IV.- Consta certificado da Mesa Xeral de Negociación co seguinte resultado:

A favor: Concello.

En contra: SICO-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) CIG (0,8).

Abstención: ningunha.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, segundo redacción dada polo Real Decreto 1346/1989, de 3 de novembro, artigo 45, 46; declarado vixente pola Disposición derroga-

toria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O calendario laboral é o instrumento técnico a través do cal se realiza a distribución da xornada e a fixación de horarios, previa negociación no marco do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores, o Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, ambos aprobados polo Pleno en sesión de data 28 de decembro de 1998, así como as vixentes Instrucións de xornada do Concello de Vigo.

II.- As vixentes Instrucións de xornada do Concello de Vigo recollen no seu apartado 2 as normas sobre calendario laboral:

2.1.- O calendario laboral é o instrumento técnico a través do cal realízase a distribución da xornada e a fijación dos horarios, de acordo co establecido nas presentes instrucións, e previa negociación cos representantes dos traballadores, no marco dos ámbitos de negociación derivados do Estatuto Básico do Empregado Público, e da legitimación que para a negociación colectiva recoñece aos sindicatos a lexislación sectorial vigente. No non previsto no correspondente calendario laboral ou en defecto do mesmo, serán de directa aplicación as presentes instrucións.

2.2.- O órgano competente en materia de persoal, respectando o establecido nas presentes normas e previa negociación sindical, aprobará antes do día 31 de decembro de cada ano, o calendario laboral correspondente, con aplicación para todos os servizos e unidades municipais.

2.3. - O calendario laboral haberá de respectar, en todo caso:

a) A duración da xornada xeral, establecida en 37 horas e media semanais, sen que poida menoscabarse o cómputo anual da mesma con ocasión da xornada intensiva de verán ou de festividades locais e nacionais.

b) O horario fixo de presenza de 9,00 a 14,30 horas con carácter xeral.

c) O número de festas laborais, de carácter retribuído e non recuperable, que non poderán exceder do establecido pola normativa en vigor.

d) O horario de apertura e pechadura dos edificios públicos establecidos polo órgano competente.

e) A acomodación do horario ás necesidades do servizo e ás funcións do Centro.

2.4 .- O calendario laboral será público, a fin de asegurar o seu xeral coñecemento, tanto por parte dos empregados públicos e dos seus representantes legais e sindicais, como dos cidadáns interesados.

No presente caso trátase de someter a negociación a proposta do calendario do servizo de Vigozoo, segundo a proposta remitida poa xefatura do Servizo en informe de data 05/06/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1740/1102

III.- Negociación colectiva.-

Segundo o artigo 37 do Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 37 (materias obxecto de negociación):

“Serán obxecto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:

(...)

m) Las referidas a calendario laboral, horarios, jornadas, vacaciones, permisos, movilidad funcional y geográfica, así como los criterios generales sobre la planificación estratégica de los recursos humanos, en aquellos aspectos que afecten a condiciones de trabajo de los empleados públicos.”

No presente caso consta certificado da Mesa Xeral de Negociación co seguinte resultado:

A favor: Concello.

En contra: SICO-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) CIG (0,8).

Abstención: ningunha.

Lembrar que as negociacións deberán realizarse baixo o principio da boa fe. En efecto, o artigo. 33.1 do EBEP suxeita a negociación colectiva ao principio de “boa fe negocial”. O artigo 34.7 do EBEP dispón que “ambas partes estarán obrigadas a negociar baixo el principio de la buena fe y proporcionarse mutuamente la información que precisen relativa a la negociación”.

Resolucións xudiciais, consideran que a Administración Pública non incumple o deber de negociar de boa fe por non chegar á conclusión dun acordo negocial sobre a materia de que se trate, así a xuízo do Tribunal Supremo, a Administración non está obrigada a celebrar un número mínimo de reunións, nin “a mantener la negociación con carácter indefinido, puesto que en última instancia a ella compete tomar o promover las decisiones precisas para dar satisfacción a los intereses generales” (STS de 6 de junio de 1995 - Rec. núm. 217/1993)

IV.- Competencia

De conformidade cos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, á vista da proposta remitida polo Servizo xestor de data 29/11/2023 (doc. 230383630), e aos efectos do cumprimento das obrigas normativas contempladas no artigo 37 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e previa a conformidade da xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), corresponde á Xunta de Goberno Local

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DO SERVIZO DE VIGOZOO DO CONCELLO DE VIGO (ANO 2024).

I.- Aprobar a proposta do calendario do servizo de Vigozoo, segundo a proposta remitida pola xefatura do Servizo en informe de data 05/06/2024, que consta no Anexo I de este expediente.

II.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

VIGOZOO XANEIRO 2024

COIDADADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
83413	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green					Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow
83267	Red	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow			Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow
83842	Green					Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Green	Green				Yellow	Yellow	Green	Green							Red	Red			
83424	Green					Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue
83276	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red				
83764	Red	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow			Red	Red						Green	Green				
83765	Red	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red			Yellow	Yellow	Yellow	Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow
83846	Green					Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Red	Red	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	
83275	Red	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow			Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow
83278	Red			Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				
83290	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Orange	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue			Red	Red			
83277	Red			Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO FEBREIRO 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	
83413	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red		Green				Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red					
83267			Red	Red						Red	Red		Red		Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow		
83842			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red		Green				Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Green	Green					
83424	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue		Yellow	Yellow			Red	Red					
83276			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue		Yellow	Yellow	Yellow		Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	
83764	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Red	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	
83765			Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Red	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	
83846	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Red	Yellow	Yellow	Red	Red					Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow	
83275	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green	Yellow	Red	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow		
83278	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green		Red		Yellow	Yellow	Red	Red					Green	Green					Yellow	
83290			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red		Green				Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	
83277	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Red	Yellow	Yellow	Red	Red	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Blue	Yellow	Yellow	Yellow	

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO ABRIL 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
83413				Y	Y	R	R						R	R				Y	Y	R	R						R	R		
83267						R	R				Y	Y	R	R						R	R						R	R		
83842		Y	Y	Y	Y	R	R						R	R				Y	Y	R	R						R	R		
83424	Y	Y	Y	Y	Y	R	R						R	R						R	R				Y	Y	R	R		
83276		Y	Y	Y	Y	R	R						R	R						R	R						R	R		
83764	Y	Y	Y	Y	Y	R	R						R	R						R	R						R	R		
83765	Y	Y	Y	Y	Y	R	R						R	R						R	R				Y	Y	R	R		
83846						R	R				Y	Y	R	R						R	R						R	R		
83275						R	R				Y	Y	R	R						R	R						R	R		
83278				Y	Y	R	R						R	R						R	R						R	R		
83290				Y	Y	R	R						R	R						R	R				Y	Y	R	R		
83277	Y	Y	Y	Y	Y	R	R						R	R				Y	Y	R	R						R	R		

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO MAIO 2024

COIDADADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
83413	Red			Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow
83267	Green			Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	Red						Red	Red						
83842	Red			Red	Red						Red	Red					Red	Red	Red						Red	Red						
83424	Green			Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	Red						Red	Red						
83276	Red	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red					Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	
83764	Red	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	Red						Red	Red						
83765	Green			Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						
83846	Red			Red	Red						Red	Red					Red	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						
83275	Green			Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	Red						Red	Red						
83278	Red			Red	Red						Red	Red					Red	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						
83290	Red			Red	Red						Red	Red					Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	
83277	Red			Red	Red						Red	Red					Red	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO XUÑO 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
83413	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red	Red	
83267								Green	Green				Yellow	Yellow		Red	Red						Red	Red						Green	Green
83842	Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red					Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	
83424	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red
83276	Red	Red						Red	Red						Red	Red					Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	
83764	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red
83765	Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red	Red	
83846	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red	
83275	Red	Red						Red	Red						Red	Red					Yellow	Yellow	Red	Red					Green	Green	
83278	Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red	Red	
83290	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Green	Green	
83277	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO XULLO 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
83413						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red			Red	Red	Red	Red			
83267				Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red			Red	Red	Red	Red			
83842						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red				Red	Red	Red	Red		
83424						Red	Red						Red	Red							Red	Green			Yellow	Red	Red	Red	Red		
83276						Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow		Red	Red				Red	Red	Red	Red		
83764						Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green	Red	Green	Green			Yellow
83765						Red	Red						Red	Red							Red	Green			Yellow	Red	Red	Red	Red		
83846						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red				Red	Red	Red	Red		
83275				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green	Red	Green	Green			Yellow
83278				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green	Red	Green	Green			Yellow
83290				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Green			Yellow	Red	Red	Red	Red		
83277						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red			Red	Red	Red	Red			

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO AGOSTO 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
83413			Red	Red						Red	Red				Red	Red	Red	Red						Red	Green				Yellow	Yellow	Red
83267			Red	Red						Red	Red				Green	Green	Green	Green		Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red
83842			Red	Red						Red	Red				Red	Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red
83424			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red				Red	Red	Red	Red						Red	Red						Red
83276			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red				Red	Red	Red	Red						Red	Red						Red
83764	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green		Yellow	Yellow	Red	Red	Red	Red						Red	Red						Green
83765			Red	Red						Red	Red				Green	Green	Green	Green		Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red
83846			Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red				Red	Red	Red	Red						Red	Red						Green
83275	Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green		Yellow	Yellow	Red	Red	Red	Red						Red	Red						Red
83278	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red				Red	Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red
83290			Red	Red						Green	Green		Yellow	Yellow	Red	Red	Red	Red						Red	Red						Red
83277			Red	Red						Red	Red				Green	Green	Green	Green		Yellow	Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO SETEMBRO 2024

COIDADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
83413	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	
83267	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red	
83842	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red	
83424	Red						Red	Red						Red	Red							Green	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	
83276	Red						Red	Red						Red	Red							Red	Red					Green	Green	
83764	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Green	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	
83765	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	
83846	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Green	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	
83275	Red						Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red					Red	Red	
83278	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red	
83290	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red					Green	Green	
83277	Red						Red	Red						Red	Red							Red	Red					Green	Green	

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO OUTUBRO 2024

COIDADADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
83413					Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow
83267					Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow								Red	Red				
83842					Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red				
83424					Red	Red						Red	Red							Red	Red					Green	Green			Yellow	Yellow
83276			Yellow	Yellow	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow								Red	Red				
83764					Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red				
83765					Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow								Red	Red				
83846					Red	Red						Red	Red							Red	Red			Yellow	Yellow	Red	Red				
83275					Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red					Red	Red				
83278			Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Yellow	Yellow	Red	Red				
83290			Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Yellow	Yellow	Red	Red				
83277			Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red							Red	Red				Green	Green			Yellow	Yellow	

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO NOVEMBRO 2024

COIDADADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
83413	Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Green
83267	Red	Red	Red						Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red
83842	Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Green
83424	Red	Red	Red						Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red
83276	Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red
83764	Red	Red	Red						Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red
83765	Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red
83846	Red	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow		Red
83275	Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Red
83278	Red	Red	Red						Green	Green				Yellow	Yellow	Red	Red						Red	Red						Green
83290	Red	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow		Red
83277	Red	Red	Red						Red	Red						Red	Red						Green	Green			Yellow	Yellow		Red

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE VIGOZOO DECEMBRO 2024

COIDADADOR	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
83413	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red			Red			Red	Red		
83267	Red					Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red			Red			Red	Red		
83842	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red			Red			Red	Red		
83424	Red					Red	Red	Red						Red	Red							Green	Green			Red	Yellow	Yellow	Red	Red		
83276	Red					Red	Red	Red						Green	Green					Yellow	Yellow	Red	Red			Red			Red	Red		
83764	Red					Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red			Red			Red	Red		
83765	Red					Red	Red	Red						Red	Red							Green	Green			Red	Yellow	Yellow	Red	Red		
83846	Red					Green	Green	Green			Yellow	Yellow	Yellow	Red	Red							Red	Red			Red			Red	Red		
83275	Red					Red	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green			Red	Red		
83278	Green			Yellow	Yellow	Red	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green			Green	Green		
83290	Red					Red	Red	Red						Red	Red							Green	Green			Red	Yellow	Yellow	Red	Red		
83277	Red					Red	Red	Red						Red	Red							Red	Red			Green			Green	Green		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(730).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTOS DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3564/341.

Visto o informe xurídico do 13/08/2024 e o informe de fiscalización do 22/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/08/2024, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro de 2020 acordou adjudicar á empresa *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)* o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (2644-341), cos seguintes importes:

- O prezo da parte variable constituída polos servizos de vixilancia de seguridade é de 1.156.682,90 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 200.746,62 euros

- O prezo da parte fixa constituída polo servizo de mantemento de instalacións de seguridade é de 104.734,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.177,07 euros.

2.- O contrato correspondente asinouse con data 2 de outubro de 2020, estipulando un prazo de execución de DOUS anos con inicio o 2 de outubro de 2020 (cláusula 4).

3.- A Xunta de Goberno Local aprobou con data 2 de xuño de 2022 a primeira prórroga do contrato (expte 3218/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de outubro de 2022 ao 1 de outubro de 2023.

4.- A Xunta de Goberno Local aprobou con data 23 de xuño de 2023 a segunda prórroga do contrato (expte 3412/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de outubro de 2023 ao 1 de outubro de 2024.

5.- Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas; por este motivo, e dado que o 1 de outubro de 2024 finaliza o período da segunda prórroga do contrato, sendo necesario continuar coa prestación dos servizos e

que a execución da prestación ata o momento resultou totalmente satisfactoria, propónse o inicio do expediente para a tramitación da terceira e derradeira prórroga do contrato do 2 de outubro de 2024 ao 1 de outubro de 2025.

6.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 240232517 de data 30 de xullo de 2024, o Sr. D. Carlos Pájaro Pol, con DNI 36064385V, en nome e representación da mercantil PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA S.L. (B-87.222.014), presta a súa conformidade á terceira e derradeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 2 de outubro de 2024 ao 21 de outubro de 2025.

7. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 29 de xullo, dispoñendo que por parte desta xefatura se proceda a instruír a terceira e derradeira prórroga do contrato, por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos servizos.

8.- Esta xefatura informa que a empresa *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Segundo o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de marzo de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 2 de outubro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 29 de xullo de 2024, autorizando o inicio deste expediente da terceira e derradeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de



Concello de Vigo

conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a terceira e derradeira prórroga do contrato de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (2644-341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de outubro de 2024 ao 1 de outubro de 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **630.708,72 € (seiscentos trinta mil setecentos oito euros con setenta e dous céntimos)**, ive engadido, a favor de **PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)**, dos que corresponden a servizos de vixilancia de seguridade: 578.341,45 €; e a servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 52.367,27 €), segundo o seguinte desglose de exercicios orzamentarios:

EXERCICIO 2024 (2 de outubro ao 31 de decembro): **157.677,18 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias: 126.800,15 € (servizos de vixilancia de seguridade: 118.670,10 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 8.130,05 €).
- 3321.227.01.00 “Contratación servizos seguridade: 30.877,03 € (servizos de vixilancia de seguridade: 25.915,26 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 4.961,77 €).

EXERCICIO 2025 (1 de xaneiro ao 1 de outubro): **473.031,54 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias: 380.400,45 € (servizos de vixilancia de seguridade: 356.010,29 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 24.390,15 €).
- 3321.227.01.00 “Contratación servizos seguridade: 92.631,09 € (servizos de vixilancia de seguridade: 77.745,80 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 14.885,30 €).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(731).- INFORME SOBRE A SITUACIÓN DO FINANCIAMENTO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU NOS EXPEDIENTES 8291/106 E 8293/106. EXPTE. 2068/441.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/08/2024, asinado polo xefe da área de Investimentos e o enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio, e conformado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2021, entre outros asuntos, acordou, no expediente 8291/106, a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola "Orde ICT /949/2021, do 10 de setembro, que establece as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio aos mercados, áreas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización curta, e procede á súa convocatoria en 2021, no marco do o Plan de recuperación, transformación e resiliencia". Neste acordo a Xunta de Goberno Local acepta de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial; acorda a presentación do proxecto "PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS PARA A MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS DE VIGO - FASE I (MERCADO DE TEIS)"; e delega no Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, a competencia para a formalización da solicitude da dita subvención na referida convocatoria. A delegación acordada alcanza a tódolos efectos, a execución de calquera trámite administrativo necesario e que requira a súa presentación no portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo

(<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>).

Así mesmo, na sesión extraordinaria e urxente do 04 de outubro de 2021, procedeuse a aprobar, no expediente 8293-106, a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola "a Orde ICT / 951/2021, do 10 de setembro, que establece as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco da Recuperación, Transformación e Resiliencia". Neste acordo a Xunta de Goberno Local acepta de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial e acorda presentar o proxecto "PLAN DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS NO EIXO TURÍSTICO-COMERCIAL BOUZAS-TEIS - FASE I COMERCIO DIXITAL.

Con data 30 de decembro de 2021, o "Ministerio de Industria, Comercio y Turismo" aprobou as propostas de resolución provisionais de concesión, outorgando en ditas propostas ao Concello de Vigo unha axuda polo importe de 671.728,20 € dos 1.119.547€, solicitados inicialmente en relación coa subvención regulada na Orde ICT /949/2021, para o proxecto "PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS PARA A MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS DE VIGO - FASE I (MERCADO DE TEIS)", e unha axuda polo importe de 369.957,60 €, dos 616.596€ solicitados inicialmente, en relación coa subvención regulada na orde ICT/951/2021, para o proxecto "PLAN DE ACCIÓNS FÍSICAS



Concello de Vigo

E DIXITAIS NO EIXO TURÍSTICO-COMERCIAL BOUZAS-TEIS - FASE I COMERCIO DIXITAL.

Con datas 25/03/2022 e 30/12/2021, aprobáronse as resolucións definitivas das citadas convocatorias respectivamente, outorgando ao Concello de Vigo os importes propostos nas resolucións provisionais.

En relación coa execución dos proxectos para os que se solicitaron as devanditas subvencións, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA Next GenerationUE1, que determinaría as directrices de xestión e coordinación, co obxectivo de conseguir sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR, correspondendo a responsabilidade de desenvolvemento deste programa á Concellería de Fomento e Servizos.

En relación a execución do proxecto "PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS PARA A MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS DE VIGO - FASE I (MERCADO DE TEIS) cómpre sinalar o que segue:

- ◆ O 6 de abril de 2022, incoouse o expediente 1241/441, de contrato menor de servizos para a redacción da adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR, que foi adxudicado a Proyegal Ingeniería, S.L. na data 06 de marzo do 2023, polo Concelleiro delegado de Fomento e Servizos. Unha vez realizados os trámites pertinentes, a Xunta de Goberno local, o 11 de maio de 2023, aprobou o proxecto de "ADECUACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DE TEIS Á LIÑA DE AXUDA NO MARCO DO PRTR", cun orzamento base de licitación, máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS SETENTA Y UN MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.471.058,46 EUROS) (Expediente 1709-441).
- ◆ Con data 2 de decembro de 2022, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo autorizou a solicitude do concello de Vigo, a ampliación do prazo para a execución do proxecto ata o día 30 de xuño de 2024.
- ◆ Con data 17 de agosto de 2023, publicouse na plataforma de contratación do sector público o anuncio de licitación para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR", a través dun procedemento aberto, cun prazo de presentación de ofertas que finalizaba o 12 de setembro (Expediente 1709-441). Tralo proceso de licitación, dito procedemento declarouse deserto pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023 por non haber presentado oferta ningún

licitador, publicándose o anuncio de declaración de deserto na plataforma de contratación do sector público no mesmo día.

- ◆ Debido a declaración de deserto do procedemento, con data 05/12/2023 solicitouse unha nova ampliación do prazo para a execución do proxecto ata o 31 de decembro de 2024, en base ao *“Real Decreto-ley 11/2022, de 25 de junio, por el que se adoptan y se prorrogan determinadas medidas para responder a las consecuencias económicas y sociales de la guerra en Ucrania, para hacer frente a situaciones de vulnerabilidad social y económica, y para la recuperación económica y social de la isla de La Palma”*, e o artigo 20.2 a) da orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, no que se prevé a posibilidade de modificar a resolución de concesión por causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude, e que non fosen previsibles con anterioridade.
- ◆ O Ministerio non deu resposta a esta petición municipal de ampliación de prazo.
- ◆ O artigo 23 das bases reguladoras da subvención reguladas na orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, establece que:
 - O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, no seu caso, se haxan establecido na correspondente resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver a axuda percibida mais os xuros de demora correspondentes, no momento de declararse o incumprimento, conforme ao disposto no artigo 77 da ley 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
 - Serán causa de reintegro total o parcial, as previstas no artigo 37.1 da ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, entre as que se citan no artigo 37.1.b): Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

(01 Esta ampliación de prazo, segue a unha solicitude de ampliación de prazo anterior de decembro de 2022), autorizada polo ministerio o 02 de decembro de 2022 e que amplía o prazo para a execución da actuación ata o 30 de xuño de 2024.

Verbo do proxecto "PLAN DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS NO EIXO TURÍSTICO-COMERCIAL BOUZAS-TEIS - FASE I COMERCIO DIXITAL", cómpre informar o que segue :

- ◆ Debido a condicionantes técnicos, que imposibilitaron o cumprimento dos prazos inicialmente previstos, e para asegurar o adecuado cumprimento dos fitos e obxectivos incluídos na Decisión de Execución do Consello de 13 de xullo de 2021, relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, con data 04/12/2023 presentouse unha solicitude de ampliación do proxecto ata o 30 de xuño de 2024, que foi estimada polo ministerio na data 14 de decembro de 2023. dita solicitude de ampliación de prazo foi solicitada en base ao *“Real Decreto-ley 11/2022, de 25 de junio, por el que se adoptan y se prorrogan determinadas*



Concello de Vigo

medidas para responder a las consecuencias económicas y sociales de la guerra en Ucrania, para hacer frente a situaciones de vulnerabilidad social y económica, y para la recuperación económica y social de la isla de La Palma”, e o artigo 21.2 a) da orde ICT/951/2021, do 10 de setembro, no que se establece a posibilidade de modificar a resolución de concesión por causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude, e que non fosen previsibles con anterioridade.

Así mesmo, o artigo 24 das bases reguladoras da subvención contidas na orde ICT/951/2021, do 10 de setembro, indícase no seu artigo 24 que:

- O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, no seu caso, se haxan establecido na correspondente resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver a axuda percibida máis os xuros de demora correspondentes, no momento de declararse o incumprimento, conforme ao disposto no artigo 77 da ley 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
 - Serán causa de reintegro total o parcial, as previstas no artigo 37.1 da ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, entre as que se citan no artigo 37.1.b): Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- A vista da situación de non execución dos proxectos indicados no presente informe e tendo en conta a finalización dos prazos establecidos nestas convocatorias para a xustificación das axudas outorgadas, procede informar que:

Primeiro: Que debido ao actual estado de tramitación do expediente, non é posible o cumprimento das bases reguladoras da concesión en relación cos prazos de fin de execución da actuación (30 de xuño de 2024) e a súa correspondente xustificación ao ministerio.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local que, como consecuencia do incumprimento das citadas bases, incórrese na perda de ambas axudas provenientes do PRTR, financiado con fondos europeos Next Generation EU, polo que procede aprobar a proposta da renuncia de ámbalas subvencións concedidas para a execución das actuacións:

- “PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS PARA A MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS DE VIGO - FASE I (MERCADO DE TEIS)”, polo importe de 671.728,20 €
- “PLAN DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS NO EIXO TURÍSTICO-COMERCIAL BOUZAS-TEIS - FASE I COMERCIO DIXITAL“, polo importe de 369.957,60 €

Ambas axudas foron outorgadas polo ministerio de Industria, Comercio e Turismo, polo cal deberá tramitarse a través da sede electrónica de dito ministerio a formulación da Renuncia da subvención que recolle o procedemento.

Terceiro: De acordo coa autorización da tramitación da axuda ao Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, procede aprobar a ampliación de dita autorización para proceder a subscribir a renuncia proposta neste expediente de ditas subvencións na plataforma electrónica do ministerio outorgante das mesmas.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, figurando na proposta a conformidade do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, no que aos aspectos de Dereito da proposta se refire e previo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a renuncia das subvencións concedidas para a execución das actuacións:

- “PLAN INTEGRADO DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS PARA A MELLORA E MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS DE VIGO - FASE I (MERCADO DE TEIS)”, polo importe de 671.728,20 € (expte 8291-106)
- “PLAN DE ACCIÓNS FÍSICAS E DIXITAIS NO EIXO TURÍSTICO-COMERCIAL BOUZAS-TEIS - FASE I COMERCIO DIXITAL”, polo importe de 369.957,60 € (8293-106)

E proceder a a tramitación de dita comunicación de renuncia a través da sede electrónica do correspondente Ministerio de acordo co procedemento establecido o efecto.

Segundo: De acordo coa autorización da tramitación da axuda ao Concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais, procede aprobar a ampliación de dita autorización para proceder a subscribir a renuncia proposta neste expediente de ditas subvencións na plataforma electrónica do ministerio outorgante das mesmas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(732).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 1992/441.

Visto o informe xurídico do 29/08/2024 e o informe de fiscalización do 04/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/08/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:



Concello de Vigo

1º.- No marco do expediente 5036-440 adjudicouse a D. Pedro De la Puente Crespo o servizo de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador do estadio municipal de Balaídos (Expte. 5.036-440).

2º.- O dito arquitecto, adxudicatario do contrato, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de obras de execución de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 04.04.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.04.2024 aprobou o proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), data novembro de 2023, e con sinatura dixital de data 2 de abril de 2024. Expte. 4865-443.

4º.- En data 06.05.2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, en virtude da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 (BOPPO nº129 de 05.07.2023), acordou o inicio do expediente para a contratación das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". Expte. 1966-441.

5º.- Trátase dunha actuación cofinanciada mediante o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA DE GOL. (Expte. 1869-441).

6º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 27.05.2024 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais ao abeiro do cal en data 28.05.2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou o inicio do expediente de contratación.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais con data do 27.05.2024, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 28.05.2024.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 07.06.2024.
- d) Memoria económica asinada polo Xefe da área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13.08.2024.

- e) Certificados de crédito asinados pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 12.06.2024
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP asinada polo servizo xestor en datas 19 e 20.06.2024.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa de Área de Contratación e novos proxectos en data 13.08.2024.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 27.08.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 19 e 22 da LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).



Concello de Vigo

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo para a execución das “TAREFAS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS”.

Segundo.- - Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 07.06.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e asinado en data 27.08.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de “CATROCENTOS OITENTA MIL SEISCENTOS VINTE E UN EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (480.621,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 83.413,68 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.10 “INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIIDOS”, proxecto de gasto 14933010, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.542,67 €
2025	225.683,22 €
2026	237.395,79 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.286,48 % e para a terceira anualidade nun 1.353,25 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(733).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS”. EXPTE. 6274/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/09/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e o Concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en datas 17 e 18 de abril de 2023 resolveron autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do Arquitecto Emilio Estévez Fernández.

II.- O Arquitecto Emilio Estévez Fernández presenta trala fase de supervisión, proxecto de “CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos – Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas (Resolución da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31.07.2023) en data 22.11.2023 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e o Concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación cidadá e Festas Especiais, a proposta da Técnica de Xestión - Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Resolución da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31.08.2023) e do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en datas 27 e 28 de novembro de 2023 resolveron iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación desenvólvese na pista deportiva situada na finca con referencia catastral 54057A188000450001ZH, dentro do solar onde se localiza o Centro cultural e recreativo de Zamáns, na Estrada de Zamáns nº251. Trátase dunha pista ao exterior ao norte do Centro cultural integrada nunha topografía con acusada pendente, destinada a recinto deportivo e recreativo, que actualmente non consta de unha cubrición que permita utilizala en condicións climáticas adversas.

Para solucionar esta problemática, actúase nunha superficie de 1.836,25 m² e as obras a executar enuméranse a continuación:

- Instalación de unha cuberta de 1.104,70 m² de superficie, realizada con unha estrutura de pórticos de madeira laminada de Pino Radiata sobre unha cimentación de zapatas illadas que soporta unha cubrición lixeira de paneis metálicos e lucernarios que permiten manter unha iluminación natural. Dispónse dun peche parcial da fachada con un faldón continuo de listóns de madeira de pino, proporcionando unha imaxe moderna e integrada no entorno natural.
- Construción dunha edificación semienterrada cunha superficie de 155,70m² destinada a almacén, con estrutura de formigón armado e unha cuberta transitable que forma parte da



Concello de Vigo

- pista deportiva. A fachada do almacén realizarase coa mesma disposición de barras verticais de madeira que a cuberta, e prolóngase para formar a varanda da pista.
- Renovación do pavimento da pista deportiva coa disposición dunha base de formigón cunha lixeira pendente que garanta un bo drenaxe superficial, e recubrimento tipo Composan sistema sportplus ou similar cun espesor de 2 a 3mm.
 - Mellora da iluminación da pista, mediante a disposición de proxectores con luminarias tipo LED de baixo consumo enerxético e gran durabilidade.
 - Instalación dunha rede de evacuación de pluviais tanto en cubertas como no pavimento da pista para evitar a acumulación de auga.
 - Disposición de gradas lonxitudinais de formigón prefabricadas, sobre un murete de formigón con unha lonxitude total de 27 m. Instalación dunha varanda nas zonas con desnivel.
 - Reposición de xardinería.

Fundamentalmente o obxectivo do proxecto é a cubrición da pista deportiva en Zamáns seguindo criterios de accesibilidade, integración coa contorna e mellora da eficiencia enerxética.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) MESES.

IV.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 05.09.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, tendo en conta a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16/05/2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG n.º 106, do día 03.06.2008; BOP n.º 151, do 06/08/2008) e do Conselleiro da CMATI do 13/07/2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG n.º 144, do día 24/07/2009; BOP n.º 175, do día 10/09/2009). A actuación prevista discorre en solo clasificado como urbano coas ordenanzas 3.1 Zonas verdes e libres, 3.2 Zonas deportivas e 3.3 Zonas culturais e sociais, e o uso é viable urbanísticamente, tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 29/02/2024.

O ámbito de actuación atópase fóra da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, tal e como indica o informe do Servizo de Patrimonio Histórico de data 12/02/2024.

No Anexo 15 do proxecto indícase que as actuacións definidas non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Ley 9/2018, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.

As obras atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, e consta de autorización da Axencia Estatal de Seguridad Aérea de data 20/05/2024. Non se aprecia que as obras teñan outras afeccións sectoriais.

Os custes incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación,

reunindo tódolos requisitos exixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, “CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS”.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).



Concello de Vigo

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS", redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70€) e con sinatura dixital de data 02.09.2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(734).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA – VALADARES". EXPTE. 6458/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/09/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 13.05.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERA E INNOVACIÓN, SL

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES ", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

III.- O Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 10.07.2024 informaron que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos na mesma data, a proposta do Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O presente proxecto contempla a construción dun tramo de muro situado no Camiño da Igrexa (Valadares), en Vigo.

O muro encóntrase situado na parcela do Colexio de Educación Primaria Plurilingüe Igrexa-Valadares. Na actualidade o muro presenta fendas e fracturas en todo o trazado de actuación. O CEIP Plurilingüe Igrexa-Valadares encóntrase situado no Camino do Caseiro nº 2, no término municipal de Vigo (Pontevedra), con referencia catastral 2893901NG2629S0001HH.

As obras que recolle o proxecto son as que se describen a continuación:

- Traballos previos que inclúen demolición do muro existente, retirada de arborado, retirada de beirarrúa, retirada de talude e escavación en cuña para a construción da base do muro e retirada de terras a vertedeiro.
- A construción do muro de contención resólvese mediante sistema de muro de gravidade utilizando bloques de pedra granítica, mantendo as xuntas entre bloques sen encintar para permitir o paso da auga e o drenaxe do terreo o trasdós.
- A base do muro constrúese sobre formigón de limpeza. O formigón de limpeza de 10 cm de espesor, colócase sobre o substrato existente. A base de 50 cm de profundidade na súa cara exterior e 150 cm de profundidade no seu lado interior, constrúese con bloques de pedra, nos cales se rechean os intersticios con formigón en masa HM20.
- O recheo do trasdós resólvese mediante recheo granular envolto nunha lámina xeotextil para evitar un lavado dos finos do terreo. No fondo do trasdós colócase un tubo dren que recolle as augas do terreo e as conduce á rede de pluviais existente, efectuando a conexión na arqueta situada xunto á rampla de acceso ao colexio.
- Sobre o muro de bloques construírse un zuncho de formigón no cal colocárase un valado construído con malla electrosoldada. No extremo de muro reconstruído unirase ao valado existente, mantendo a estética no perímetro superior.
- Reconstruírse o pavimento da zona superior do aparcamento con formigón impreso e instalárase un sumidoiro lonxitudinal para a recollida de pluviais na parte inferior da pendente, repoñendo o sumidoiro orixinal.
- Colocarase 12 exemplares de árbores da especie “Pyrus Calleriana Chantiller” nas posicións orixinais das árbores retiradas, a unha distancia de 3,50 m entre árbores. Instalarase un bordo de madeira de 250 cm de lonxitude entre cada árbore.
- Construírse unha beirarrúa no sobreecho da base do muro seguindo a aliñación existente. A beirarrúa realizarase cunha soleira de formigón de 25 cm de espesor, cunha altura final sobre o vial de circulación de 15 cm.
- Executarase a recollida de augas pluviais indicadas no trasdós mediante unha gabia drenante e conectarase mediante un colector á rede de pluviais existente na arqueta situada na beirarrúa xunto á rampla de acceso á parcela.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 MESES.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 29.08.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 vixente, debido á declaración de nulidade de Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08, segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación núm. 1658/2014. En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos Técnicos Municipales da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.



Concello de Vigo

Así mesmo, o presente proxecto non altera a calificación existente establecida na Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, versión para aprobación inicial, fechado en xullo de 2021 e aprobado ó 26 de agosto de 2021 polo pleno do Concello de Vigo.

Segundo a documentación gráfica do IOP a parcela encóntrase clasificada como solo consolidado, cuxo uso é o de Equipamento, non encontrándose afectado por ningún elemento do Catálogo (2008) do vixente PXOM de Vigo nin dentro dun área de protección. A actuación proposta non ten incidencia urbanística xa que céntrase na reconstrución parcial dun elemento existente con características similares.

O Art. 63 da Revisión do PXOM de Vigo, regúlase as condicións estéticas e de integración ambiental aos actos de incidencia urbanística, segundo o establecido no Art. 91 da Ley do Solo de Galicia, debendo plantear un deseño que axústese á composición dominante do ambiente no que emprácese as obras, escollendo tipoloxías e materiais que intégrense no paisaxe.

En cuanto aos muros de contención, establécese unha altura máxima de 1,50 m, autorizando de forma excepcional muros de maior altura, cuxa necesidade este debidamente xustificada.

No catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos recollidos na revisión do PXOM a parcela obxecto de estudio encóntrase afectada en parte pola área de protección de dos elementos:

- EH.28.001: Conxunto de hórreos da parroquia de Valadares.
- EL.28.001: Conxunto de fonte e lavadoiro en Valadares.

A zona de actuación para a construción do muro non se ve afectada pola zona de protección dos bens que afectan á parcela.

Por outro lado, os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "**CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES**", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puenta Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (201.775,99 €) e sinatura de data xullo de 2024.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Proposta de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto “Faro Educa 2024” . Expte. 20268/101.
- Prórroga do contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101.
- Resolución de recurso de reposición relativo á convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2022-2023. Expte. 9712/335.
- Convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais- período 2023-2024. Expte. 10235/335.
- Informe ao recurso especial presentado contra os pregos do procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo. Expte. 8173/252.
- Modificación ordenanza fiscal nº 16 Reguladora das taxas pola recollida do lixo (16), pasando a denominarse “Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida, transporte e tratamento de residuos (16)”. Expte. 3185/500.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(735).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “FARO EDUCA 2024” . EXPTE. 20268/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/09/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola técnica de Administración xeral, (delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27.06.23), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2024” organizado polo FARO DE VIGO, S.L.U. (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2024”.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 3 de setembro de 2024 redactado

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Area do Servizo de Contratación, con data 5 de setembro de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.



Concello de Vigo

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 92.805,79 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O 9 de setembro de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 10 de setembro de 2024 FARO DE VIGO S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 11 de setembro de 2024, reuníronse a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27.06.23), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal e dado que o licitador acreditou a súa capacidade e solvencia (cláusula 14.2 do PCAP), acordouse admitir neste procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U. e abriuse o SOBRE B “PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

De conformidade coa cláusula 15 do PCAP “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*” e segundo a cláusula 16 “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*”.

Dado que o licitador xa achegou no sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP e se considerou correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO S.A.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 11 de setembro de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO S.A.U. (A-36.600.815) o o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2024” por un prezo total de 112.295,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.489,21 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(736).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN MÁXIMO DE EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18386/101.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 12/09/2024 e o informe de fiscalización de data 13/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/09/2024, asinado por la xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de agosto de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 a favor de "SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) por un importe total do contrato de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 15 de setembro de 2022. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o 16/09/2021 e estando contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

O apartado 4.C das FEC prevé que este contrato poderá ser obxecto de prórroga que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o aviso previo á empresa adxudicataria SACAFERRO S.L. se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2022, acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2022 ao 15 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de setembro de 2023, acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101 formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2023 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Quinto.- Con data 11 de xullo de 2024 comunicouse a SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) a finalización o día 15 de setembro de 2024 do prazo da segunda prórroga do contrato e, o preaviso da terceira e última prórroga do contrato polo prazo de 1

ano, desde o 16 de setembro do 2023 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, de conformidade co art. 29.2 LCSP. (Anexada no trámite 539 da guía de tramitación deste expediente).

Sexto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adjudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da terceira e última prórroga do contrato comprenderá dende o día 16 de setembro do 2024 ao 15 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) por un importe total de 91.142,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.818,05 euros e sendo o cálculo dos importes previstos para os anos 2024 e 2025 os seguintes:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais)	2024 (16 de setembro ao 31 de decembro)	25.108,02 €	5.272,68 €	30.380,70 €

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
---------	-----------	------	-----	---------------



Concello de Vigo

9120	2279910	2025 (1 de xaneiro ao 15 de setembro)	50.216,03	10.545,37	60.761,40 €
(asistencia técnica a proxectos institucionais)					

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a terceira e última prórroga dun ano de duración do vixente contrato de “servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola alcaldía do Concello de Vigo. Expte. 18386/101” formalizado coa entidade mercantil SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2024 ao 15 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado de 30.380,70 € euros (IVE incluído) que representa a prórroga no exercicio económico do ano 2024, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120	2024 (16 de setembro ao 31 de decembro)	25.108,02 €	5.272,68 €	30.380,70 €
2279910				
(asistencia técnica a proxectos institucionais)				

Terceiro.- Asumir o compromiso de dotar no orzamento do exercicio económico 2025 o importe de 60.761,40 € euros que representa a prórroga nese ano, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe total
9120	2025 (1 de xaneiro ao 15 de setembro)	50.216,03	10.545,37	60.761,40 €
2279910				
(asistencia técnica a proxectos institucionais)				

Cuarto.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa “SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(737).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN RELATIVO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9761/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 12/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

4. Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 5 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que



Concello de Vigo

actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria, acordando a desestimación das seguintes solicitudes:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9761-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Documentación sen subsanar
9849,335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	Documentación sen subsanar
9918-335	CRAC de Coruxo	G36627495	Documentación sen subsanar
9764-335	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Documentación sen subsanar
9853-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Documentación sen subsanar
9875-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Documentación sen subsanar
9876-335	Asoc. S. CDR Helios de Bembrive	G36633428	Documentación sen subsanar
9877-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	Documentación sen subsanar
9881-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Documentación sen subsanar
9893-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Documentación sen subsanar
9910-335	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Documentación sen subsanar
9911-335	Asoc. V.S.C.D. O Freixo	G36654184	Documentación sen subsanar
9916-335	Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma	G36649325	Documentación sen subsanar
9917-335	Lideiras Asoc. Cultural	G67674598	Documentación sen subsanar

5. A xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16/02/24 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente."

6. Consonte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais na data 01/03/24 remite ao interesado notificación da resolución declarando desistido a súa solicitude á entidade **Asoc. Hermandad Festas Patronais Candean (G36757003)** e informando do prazo para interposición de recurso.

7. Na data 02/03/24 a entidade presenta recurso de reposición (doc. nº. 240074272) ante o órgano que dictou a resolución.

FUNDAMENTOS

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 123 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía adminis-

trativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano polo que foron dictados.

De acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor despréndese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Na resolución de data 27/02/24 acordase a desestimación da solicitude ao comprobar que na documentación presentada como subsanación presentan unha das festas patronais de forma individual e unha nova solicitude de subvención como “Festa gastronómica do Pexego” dentro da liña 1.4.

No presente recurso de reposición, a dita entidade indica que en data 14/12/23 (documento W1028461-6346) solicitan subvención exclusivamente para a festa patronal de San Cristobal que celebrada do 08/09/23 ao 11/09/23 e renuncian a solicitude presentada pola Festa do Pexego, polo que o orzamento da festa minora, correspondendo dita festividade á liña 1.2.B).

En relación coas manifestacións efectuadas por parte do recurrente e tendo en conta o arraigo e tradición das Festas Patronais de Candean celebradas dende fai máis de 100 anos como Festas de San Cristobal e de acordo co establecido na base novena e coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto pola Asociación Hermandad de Festas Patronais de Candean (G-36757003) contra a resolución do concelleiro delegado de data 27/02/24.

SEGUNDO.- Aprobar unha subvención para a actividade “Festas Patronais San Cristobal de Candean 2023” cunha asignación fixa de 12.000,00 €, entendendo que reúne as condicións recollidas na base décimo primeira 1.2.B) das bases, ao ter un presuposto que ascende a 32.258,18 € e unha antigüidade de máis de 25 anos, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución a Asociación Hermandad de Festas Patronais de Candean. Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

20(738).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2023-2024. EXPTE. 10235/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 12/09/2024, o informe de fiscalización do 13/09/2024 e o informe-proposta de data 12/09/2024, asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 29 de agosto de 2024 o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria das bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais-período 2023-2024, asinando con data 12 de setembro de 2024 o extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo **entre o 1 de novembro do ano 2023 ata o 31 de outubro do ano 2024.**

A concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 395.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

No apartado 5º “Custes previsibles e fontes de financiamento” do PES para o ano 2024-2026, a cantidade prevista para o ano 2024 era de 300.000 euros. Habida conta de que nas bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais-período 2023-2024 se incrementou a tipoloxía das asociacións dando cabida a outro tipo de entidades que poden acceder ás subvencións dentro da Liña 1 foi necesario aumentar o presuposto no importe de 95.000 euros para poder dar cobertura a todas as entidades participantes.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do presente ano 2024. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2024 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e

a tal efecto redactáronse polo servizo de Festas Especiais a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva para a liña 2.

A concesión das subvencións para a liña 1 realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos subvencionables 1.1), 1.2) , 1.3), 1.4) e 1.5) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese 30.000 €; Festas patronais e copatronais en barrios e parroquias 18.000 €, 12.000 € ou 4.000 €, en función do orzamento e antigüidade da festa; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 €, Festivais internacionais folclóricos 12.000 € ou 4.000 € en función do orzamento e antigüidade da festa e Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional doutras autonomías, 12.000 € ou 4.000 € en función do orzamento e antigüidade da festa.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) 1.4) e 1.5) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar correspondentes a liña 2 (programa 2.1) e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme ao establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 395.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) 1.4) e 1.5) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual (30 puntos) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar os datos xustificativos a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.



Concello de Vigo

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Todas as festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren, deberán dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto das Subvencións para Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do presente ano 2024. e con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

PROPOSTA

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do ano 2024 na cidade de Vigo.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 395.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro da presente convocatoria.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS- PERÍODO 2023-2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo,

de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

II

A Concellería de Festas Especiais ten atribuída a competencia de *“o impulso, a tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal, a Reconquista, Festa do Magosto, Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento das actividades socioculturais, Festa do Mexilón, Festa do Polbo e Festa da Sardiña”*.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, aprobou o “Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023” (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas.

Entre os obxectivos básicos recóllense os **obxectivos 3 e 4** relativos a:

1. Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.
2. Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

A Liña estratéxica 2: *“Apoio no desenvolvemento de proxectos socioculturais a través da xestión de subvencións”*, dá cobertura á consecución dos obxectivos mencionados 3 e 4, a través da convocatoria en concorrencia competitiva de subvencións ou concesión de subvencións nominativas de actividades que suplan ou complementen aquelas de competencia municipal. En base ao exposto, contéplase a **convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais**.



Concello de Vigo

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, consonte coas seguintes,

BASES

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais durante o período comprendido entre o **1 de novembro do ano 2023 ata o 31 de outubro do ano 2024**, na cidade de Vigo.

Segunda.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables aquelas festas, programas e actividades organizadas por entidades xurídicas non empresariais e sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o **1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do presente ano 2024**, ambos os dous incluídos. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2024 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2025.

Non se admitirán programas que agrupen varias festas ou actividades diferentes.

A mesma festa, programa ou actividade soamente poderá ser obxecto dunha única liña de subvención.

DEFÍNENSE AS SEGUINTES LIÑAS DE SUBVENCIÓN:

Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

As entidades participantes tan só poderá optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións dentro desta liña para festas diferentes.

1.1.- Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.1.1 Festas celebradas **no ámbito urbano** cunha antigüidade de máis de 60 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.-Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.2.1..... Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.2 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.2.3 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.3.1 Festas gastronómicas que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.4.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.4.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.5.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.5.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

As entidades participantes poderán optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións para festas diferentes dentro desta liña.

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, teranse en conta unicamente as condicións de antigüidade anteriores á interrupción.

Terceira.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A concesión das subvencións axustaranse á aplicación orzamentaria do Servizo de Festas nº 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” por importe total de 395.000 euros.

Cuarta.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total da festa, programa ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

Quinta.- REQUISITOS-DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar subvención, as entidades non empresariais e sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

1.- As entidades que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, sen ánimo de lucro e que non desenvolvan actividade empresarial.

2.- Que a actividade se celebre dentro do termo municipal de Vigo

3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes Bases.

4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acrediten a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

5.- As persoas ou entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarias da subvención, das previstas no citado artigo para o que se esixirá ás entidades solicitantes unha declaración de non estar incurso nas devanditas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos nos que sobre as entidades beneficiarias das axudas económicas recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

6.- As entidades solicitantes deben atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias:

- Coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Coa Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado.
- Coa Seguridade Social.
- Co Concello de Vigo.

A entidade solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, pode autorizar á comisión avaliadora a comprobación dos datos acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables. No caso de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás entidades solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No caso de opoñerse a dita consulta (mediante indicación expresa no modelo de solicitude) deberán achegar ditos certificados debidamente actualizados e cunha vixencia inferior a seis meses.

Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- Entidades cuxo obxecto social sexa actividade empresarial.
- As entidades con ánimo de lucro.

Sexta.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN

6.1.- FORMA DE PRESENTACIÓN

- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.
- As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web e asinadas electrónicamente polo representante da entidade solicitante: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=cas>
- Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberánse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo. A estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

6.2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido no anuncio que, como estrato desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das AAPP.

O cómputo de dito prazo realizarase consonte co establecido no art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) da LPAC en relación co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico.



6.3.- MODELO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelos establecidos que se achegan nos anexos das presentes bases.

6.4.- DOCUMENTACIÓN

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, **asinada electronicamente** polo representante da entidade solicitante e con indicación da data da sinatura.

6.4.1.- Liña de subvención 1

Documentación a presentar no momento da solicitude:

- 1.- Modelo de solicitude (ANEXO I) asinado electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante.**
- 2.- Declaración responsable da liña 1 (ANEXO I.1).**
- 3.- Ficha resume de cada programa (ANEXO II).**
- 4.- Orzamento de gastos e ingresos de cada programa (ANEXO III).**
- 5.- Documento acreditativo da representación.**
- 6.- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante.**
- 7.- Copia do NIF da persoa que representa á entidade solicitante.**
- 8.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.**
- 9.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.**
- 10.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.**
- 11.- Tal e como se indicou na base quinta, no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas de:**
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

12.- Memoria da festa/verbena a desenvolver (ANEXO IV), no que se inclúa a seguinte información mínima:

1. O ámbito de execución e indicación do tempo no que leva executándose o evento/festa
2. A coordinación do evento
3. Os obxectivos
4. As persoas destinatarias
5. A metodoloxía
6. A temporalización: calendario de preparación da actividade ou desenvolvemento en xornadas ou espazos de tempo.
7. Os recursos humanos dispoñibles
8. Os materiais e recursos económicos
9. Os sistemas de seguimento e avaliación do evento
10. Descrición da localización dos elementos institucionais (lonas, banderolas, pancartas...) co logo oficial do Concello de Vigo
11. Canta información consideren oportuna

6.4.2.- Liña de subvención 2

Documentación a presentar no momento da solicitude:

- 1.- Modelo de solicitude (ANEXO I) asinado electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante.**
- 2.- Declaración responsable da liña 2 (ANEXO I.2).**
- 3.- Ficha resume de cada programa (ANEXO II).**
- 4.- Orzamento de gastos e ingresos de cada programa (ANEXO III).**
- 5.- Documento acreditativo da representación.**
- 6.- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante.**
- 7.- Copia do NIF da persoa que a representa á entidade solicitante.**
- 8.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.**
- 9.- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.**
- 10.- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.**
- 11.- Tal e como se indicou na base quinta, no caso de a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta de débedas por esta administración, deberá achegar xunto á súa solicitude os certificacións de estar ao corrente coas débedas de:**
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.



Concello de Vigo

No caso de que algunha circunstancia imposibilite ao Concello de Vigo á obtención dos citados datos, poderá solicitarse ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

12.- No caso de que a actividade a subvencionar consista en **publicacións periódicas** de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

1. Non pode ter a condición de boletín interno da asociación.
2. Deberán achegar xunto á solicitude un proxecto editorial no que se inclúa, entre outros datos:
 - Os responsables da redacción e da edición.
 - Índice.
 - Número de páxinas.
 - Número de exemplares.
 - Características (tamaño, cores, papel, etc).
 - Periodicidade da tirada.
 - Números xa publicados.
 - Sistema de distribución.
 - Plan de financiamento.
3. Deberán achegar documentación acreditativa sobre a disposición relativa ao depósito legal.
4. Indicarase na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.
5. Deberán depositar gratuitamente tres exemplares na Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
6. Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarase, xunto ao programa, un exemplar dela. En caso contrario, achegarase xunto á documentación xustificativa da subvención outorgada.

13.- No caso de que a actividade a subvencionar consista no desenvolvemento de **cursos de formación**, achegarase:

1. O currículo do profesorado.
2. Os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a.
3. As características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

A Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

Sétima.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN LIÑA SUBVENCIÓN 2

Na valoración das actividades socioculturais incluídas na Liña de subvención 2 aplicaranse as seguintes puntuacións ata un **máximo de 100 puntos**:

7.1. Criterios de avaliación da entidade solicitante: ata 40 puntos.

7.1.1: Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante: ata 10 puntos.

Puntuación valorada en base aos datos relativos a antigüidade sinalados pola entidade solicitante na súa declaración responsable (ANEXO I.2) e trasladados á táboa de puntuación.

Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Máis de 61 anos
0 ptos.	2 ptos.	4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.

7.1.2: Masa social e representatividade: ata 20 puntos

Enténdese como masa social, o número de habitantes do ámbito de influencia da entidade solicitante e como representatividade a porcentaxe resultante do número de socios entre a poboación ou masa social.

Puntuación valorada sobre a información achegada pola entidade solicitante sobre o número de socios e poboación no seu ámbito de influencia no ano 2023 recollida nos anexos I.2 ou sobre o plano facilitado polo departamento de estadística a petición da entidade solicitante, relativo á poboación que abarca o seu ámbito de influencia con relación ao número de socios e trasladada á táboa de puntuación.

Masa social e representatividade									
Menos do 6%	Do 6% ao 10%	Do 11% ao 15%	Do 16% ao 20%	Do 21% ao 25%	Do 26% ao 30%	Do 31% ao 35%	Do 36% ao 40%	Do 41% ao 50%	Mais do 50%
2 ptos.	4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.	12 ptos.	14 ptos.	16 ptos.	18 ptos.	20 ptos.

7.1.3: Ámbito xeográfico da poboación destinataria: ata 10 puntos

Puntuación valorada en base aos datos do alcance social sinalados pola entidade no ANEXO I.2 e trasladados a táboa de puntuación.

Ámbito xeográfico da entidade solicitante e poboación destinataria			
Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal
4 ptos.	6 ptos.	8 ptos.	10 ptos.



7.2.- Criterios para avaliación de cada programa: ata 60 puntos

7.2.1. Interese e calidade do programa: Ata 50 puntos.

7.2.1.1.- Fundamentación das necesidades, razón, obxectivo e alcance do programa:

- Valórase ata **20 puntos** a aqueles programas de interese sociocultural cun contido que complementa ou supla a programación que sexa competencia do servizo de Festas Especiais.

7.2.1.2.- Innovación:

- Valórase ata **5 puntos** aquelas propostas innovadoras ou diferentes.

7.2.1.3.- Consolidación:

- Valórase ata **5 puntos** as propostas consolidadas no tempo e que levan realizándose dende hai anos.
- Outorgaráselle un punto por cada 5 anos de antigüidade ata un máximo de 5 puntos.

7.2.1.4.- Temporización:

- Valóranse ata **10 puntos** aqueles programas que levan un calendario de preparación da actividade ou cuxo desenvolvemento sexa realizado ao longo de varias xornadas ou espazos de tempo diferente.

7.2.1.5.- Recursos humanos e materiais:

- Valorarase ata **10 puntos** aqueles programas que impliquen a participación dos recursos humanos e materiais propios da entidade solicitante.

7.2.2. Viabilidade técnico-económica e financeira do programa: ata 10 puntos.

7.2.2.1.- Viabilidade económica: Valorarase ata 10 puntos.

- O resultado da puntuación ven dado polo traslado á táboa de puntuación da porcentaxe económica que solicitan con respecto ao custe do programa, segundo consta no orzamento achegado no anexo III das bases.

Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto. Importe subvencionado								
Do 0% ao 10%	Do 11% ao 20%	Do 21% ao 30%	Do 31% ao 40%	Do 41% ao 50%	Do 51% ao 60%	Do 61% ao 70%	Do 71% ao 75%	Do 76% ou máis
10 ptos.	8 ptos.	6 ptos.	5 ptos.	4 ptos.	3 ptos.	2 ptos.	1 ptos.	0 ptos.

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos puntos 7.1.1., 7.1.2, 7.1.3 e 7.2.3 son obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes ou obtidos de oficio polo servizo de Festas Especiais.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade solicitante xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Oitava.- INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

8.1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas Especiais que revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida.

8.2.- Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación achegada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8.3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, que actuará como presidente, o enxeñeiro municipal adscrito á Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, que actuará como vogal, e a administrativa do servizo de Festas que actuará como secretaria da Comisión, sen prexuízo dos suplentes que poderán ser nomeados por ausencia dos anteditos titulares.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, o órgano instrutor



Concello de Vigo

acreditará na proposta que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a información que obra no seu poder.

8.4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes ás que se refire a base oitava e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base novena.

8.5.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.hoxevigo.org).

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da xefatura do responsable Festas Especiais. .

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica.

As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades solicitante ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común).
- O recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Así mesmo en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración competente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

9.1.- Unha vez presentadas, serán desestimadas as seguintes solicitudes:

1. Aquelas que, para a mesma finalidade, foran solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
2. Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
3. Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens, os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
4. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
5. Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
6. Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
7. Aquelas que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual para a Liña 2 de 30 puntos, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

9.2.- Tamén se desestimarán as solicitudes que:

1. Se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria.
2. Teñan pendentes xustificar en tempo e forma algunha das subvencións concedidas na convocatoria do ano 2023.
3. Non se presenten cun proxecto específico.
4. Se refiran a actividades non recollidas na base segunda.
5. Conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
6. Foran presentadas por entidades que desenvolvan actividade empresarial ou teñan ánimo de lucro.
7. Foran presentadas por entidades que teñan previsto realizar as actividades obxecto de subvención fora do termo municipal de Vigo.
8. Non se presenten por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Cando unha entidade solicitante, achegue máis dunha solicitude para o desenvolvemento dunha festa, programa ou actividade dentro dunha mesma liña de subvención das descritas na base segunda, sempre que exista limitación en dita liña a unha soa actividade, daráselle un trámite de audiencia de tres días para que escolla o proxecto para o que solicita a subvención e renuncie ao/s outro/s achegado/s. No caso de non facelo, desestimaranse as súas solicitudes por non axustarse ás limitacións establecidas nestas bases.



Concello de Vigo

Décima.- PROCEDIMIENTO DE OUTORGAMENTO

O presente procedemento rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo primeira: CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

11.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

11.1.1.- Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **30.000 €**

11.1.2.-Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
3. **Contará cunha asignación fixa de 4.000 €**

11.1.3.- Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.1.4.- Festivais internacionais folclóricos que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional doutras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

11.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (395.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables da Liña 1.

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valores por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite o 75% do presuposto do proxecto presentado (IVE incluído) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Décimo segunda.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

O Servizo de Festas Especiais facilitará un modelo tipo para a colocación do logotipo de Concello no diferente material impreso (**ANEXO VI**).

f) As festas que opten a subvencións da liña 1 deberán incorporar o logotipo do Concello mediante banderolas ou lonas nas zonas escénicas (escenarios, palcos, tarimas...) e accesos aos recintos.

Antes da celebración do eventos deberán consensuar a localización destes elementos co Servizo de Festas Especiais.

g) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, estudará cal será a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaráse conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

h) En cumprimento coa **disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por**



Concello de Vigo

comisións de festas, as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/las ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

i) Todas as festas tradicionais, patronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren deberase dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

k) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Décimo terceira.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO UNHA VEZ REALIZADO O EVENTO

13.1. Prazo de xustificación.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) as entidades beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria, deberá xustificar, **UNHA VEZ REALIZADO O EVENTO E SEMPRE ANTES DO 15 DE NOVEMBRO DE 2024**, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, **poderá ser ampliado** se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

13.2. Forma de xustificación.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

1. CONTA XUSTIFICATIVA, que deberá conter:

1.1 Solicitud de liquidación e **memoria das actividades** levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (**ANEXO IV**), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa
- Fotografías do recintos onde se amosen os elementos coa imaxe institucional (lonas, bandeirolas, pancartas....)

1.2 Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais (orçamento executado) e desviacións con relación ao orzamento inicial (**ANEXO V**).
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal. A beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel equivalentes ao **100%** do **orzamento executado** do proxecto presentado.
- De existiren, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- Achegarán **os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias** correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.

13.3.- Pagamento da subvención.



Concello de Vigo

Efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da que é titular a entidade beneficiaria, declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

13.3.1 Dereito a cobro parcial

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, reducirase a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención á realización da actividade subvencionada e ao cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo Servizo de Festas Especiais. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS

16.1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

16.2.- A beneficiaria poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación

definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

16.3.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Cando concorran causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.4.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

16.5.- En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE OUTORGAMENTO

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, previa solicitude da entidade beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Décimo oitava.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno (LT), a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.sede.vigo.org).

A tales efectos, as administracións outorgantes competentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da LT.

As beneficiarias deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

As beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Décimo novena -SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN



Concello de Vigo

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Vixésima .- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL



Concello de Vigo

CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 1)	<u>1.1 Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade.</u>	
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 2) FESTAS TRADICIONAIS.	<u>2.1 Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.</u>	
ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.	<u>2.2 Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.</u>	

Documentación que se achega

- Copia do CIF/NIF da entidade solicitante e documento acreditativo da persoa que actúe en representación desta.
- Copia do NIF da persoa que representa á entidade solicitante.
- Declaración responsable relativa aos datos da entidade solicitante (ANEXO I.1 ou ANEXO I.2, segundo corresponda)
- Ficha resume do programa solicitado (ANEXO II)
- Presuposto do programa (ANEXO III)
- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria.
- Documento acreditativo de que a entidade solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro.

Vigo, de de 20__

Sinatura (dixital) do/da solicitante

AO EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

**ANEXO I.1
DECLARACIÓN RESPONSABLE
Liña 1**

SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.

D/Dna con
NIF e en calidade deda
entidade

DECLARA

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade solicitante, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade solicitante se lle concederon outras axudas: si non

3.-Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: si non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

Relación de axudas aprobadas para cada proxecto	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

5.- Que a entidade solicitante non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

6.- Que a entidade solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X")_

• AUTORIZA



Concello de Vigo

- NON AUTORIZA

á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

7.- Que a entidade solicitante á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

8. A tal efecto, achéganse os seguintes **datos xerais da entidade** solicitante co fin de que o Concello proceda á valoración da solicitude:

8.1.- Traxectoria e antigüidade da entidade:

Ano de constitución da entidade solicitante:					
Traxectoria e antigüidade da entidade solicitante					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

Vigo, de de 20__

Sinatura e selo da entidade solicitante

ANEXO I.2
DECLARACIÓN RESPONSABLE
Liña 2

SUBVENCIONES PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS PERÍODO 2023-2024.

D/Dna. con
NIF e en calidade de da entidade
solicitante

DECLARA

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade solicitante, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade solicitante se lle concederon outras axudas: si non

3.- Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: si non

Relación de axudas solicitadas para cada proxecto	Importe

Relación de axudas aprobadas para cada proxecto	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

5.- Que a entidade solicitante non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

6.- Que a entidade solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, coa Xunta de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e (marcar cun "X"):

• AUTORIZA



Concello de Vigo

- NON AUTORIZA á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo

7.- Que a entidade solicitante á que represento non ten actividade empresarial nin ánimo de lucro.

8.- A tal efecto, achéganse os seguintes **datos xerais da entidade** solicitante co fin de que o Concello proceda á valoración da solicitude:

8.1: Datos xerais

Año de constitución da entidade solicitante:					
Traxectoria e antigüedad da entidade					
De 0 a 3 anos	De 4 a 10 anos	De 11 a 20 anos	De 21 a 35 anos	De 36 a 60 anos	Maís de 61 anos

8.2.- Masa social, representatividade e participación

Número de persoas asociadas	Ano	Total
	2022	
	2023	

Data da última renovación da Xunta:/...../.....

Cargos renovados:

.....

.....

Indicar o número de persoas que abarca o ámbito territorial da entidade solicitante:

8.3.- Ámbito de intervención da entidade solicitante e alcance social:

Barrio	Parroquia	Distrito	Municipal

*Deberá xustificar a existencia dunha sede fora do termo municipal.

Vigo, de 20__

Sinatura e selo da entidade solicitante

ANEXO II:
FICHA RESUMO DO PROGRAMA
(débase achegar unha ficha por cada programa que se presente)

SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2023-2024.

N.I.F. da entidade
solicitante :

Concepto subvencionable:

Nome do programa:

Obxectivos do programa:.....

.....

Fundamentación (consideracións xerais de porque se vai facer este proxecto: motivacións da entidade organizadora, situación de partida, realidade que nos fai realizar o proxecto, situación que se trata de paliar ou resolver, etc.):

proxecto de nova creación proxecto que xa existía

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Ámbito do programa:

- | | | | | |
|--|-------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> a propia asociación | <input type="checkbox"/> barrio | <input type="checkbox"/> parroquia | <input type="checkbox"/> distrito | <input type="checkbox"/> municipal |
| <input type="checkbox"/> comarcal | <input type="checkbox"/> provincial | <input type="checkbox"/> autonómico | <input type="checkbox"/> estatal | <input type="checkbox"/> internacional |

Colectivo de idade ao que se dirixe o programa (marque unha única casíña principal):

- | | | |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> todas as idades | <input type="checkbox"/> infantil (ata 13 anos) | <input type="checkbox"/> adolescentes (de 14 a 17) |
| <input type="checkbox"/> novos (de 18 a 35) | <input type="checkbox"/> adultos | <input type="checkbox"/> maiores |

Descrición das actividades e metodoloxía (actividades programadas ao longo do proxecto, como se van facer, técnica e instrumentos que van ser utilizados, organización do equipo, interno, localización, etc):

.....

.....



Concello de Vigo

.....

.....

.....

.....

.....

Período do programa:

Data inicio...../...../.....

Data remate...../...../.....

Periodicidade:

actividades	Ano 2023		Ano 2024										
	Novembro	decembro	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	

Vigo, de de 20__

Sinatura e selo da entidade solicitante

Anexo III
ORZAMENTO DO PROGRAMA
(débese achegar un orzamento por cada programa que se presente)

SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS- PERÍODO 2023-2024.

NOME DO PROGRAMA:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos			
Indirectos (máximo 10%)		Outras achegas	
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

Vigo, de _____ de 20____
Sinatura e selo da entidade solicitante



Concello de Vigo

ANEXO IV:
MEMORIA XUSTIFICATIVA
 (débase achegar unha memoria por cada programa subvencionado)

SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS- PERÍODO 2023-2024.

D/Dña.....con
 NIFen representación da entidade
 solicitante

CERTIFICO

Que o(s) proxecto(s) subvencionados por acordo da Xunta de goberno local de data realizouse/realizáronse nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se achega coa documentación complementaria.

		MARCAR CON UNA X
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 1) FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS E FESTIVAIS FOLCLÓRICOS.	<u>1.1 Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade</u>	
	<u>1.2 Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias</u>	
	<u>1.3 Festas gastronómicas de especial interese</u>	
	<u>1.4 Festivais folclóricos internacionais</u>	
	<u>1.5 Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.</u>	
		IMPORTE A SOLICITAR
CONCEPTO SUBVENCIONABLE (liña 2) ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS/ ARTES ESCÉNICAS.	<u>2.1 Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.</u>	
	<u>2.2 Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.</u>	

DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
3. Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares de dereito que incorporan.
4. Que as subvencións ou achegas obtidas para un mesmo programa ou actividade non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
5. Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
6. Que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo art. 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá solicitar estes datos de oficio.

7. Que as facturas presentadas para a xustificación da subvención son orixinais.
 8. Que asume o IVE do importe das facturas presentadas: **SI** ___ **NON** ___

SOLICITO

Que sexa ingresado o importe subvencionado na seguinte conta bancaria:

Nome do titular da conta:

Nome da entidade bancaria:

Nº IBAN				Entidade				Sucursal				DC		Número de conta															

1. Fundamentación

Valoración dos datos xerais do programa e do proxecto, e se este respondeu ao que se pretendía.

.....

2. Obxectivos

Valoración do nivel de alcance dos obxectivos do proxecto, dos recursos adicados, custes, participación

.....

3. Usuarios

Valoración dos usuarios (persoas ás que realmente alcanzou) do proxecto.

Nº Persoas:

Colectivo de idade ao que chegou o programa (marque unha única caixa de verificación principal)	Todas as idades	Infantil (< 13 anos)	Adolescentes (de 13 a 17)	Novos (de 18 a 35)	Adultos	Maiores

No caso de tratárense de colectivos específicos, indique as características que os identifican:

.....

.....
.....
.....
.....

Sistema de información, comunicación e publicidade

Folletos	Carteis	Inserción en prensa	Outros (indicar)
Nº	Nº		

Outras observacións sobre o proxecto

.....
.....
.....

6. Avaliación

Avaliación dos indicadores dos sistemas de seguimento e da execución final

.....
.....
.....
.....
.....
.....

Vigo, de de 20__

8. Viabilidade futura do proxecto

Valoración final e posíbeis propostas de mellora do proxecto. No caso de tratarse dun proxecto con posibilidade de continuidade, indicar, no seu caso, as medidas correctoras e de mellora do mesmo.

.....
.....
.....
.....
.....
.....

9. Suxestións

Suxestións ao Concello de Vigo en relación coa convocatoria

.....
.....
.....
.....

10. Anexo documental

Documentación anexa á memoria xerada pola actividade do proxecto

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> material de difusión, información e publicidade, carteis | <input type="checkbox"/> programa de man |
| <input type="checkbox"/> enquisa de auto avaliación dos participantes | <input type="checkbox"/> documentación fotográfica, prensa. |
| <input type="checkbox"/> Outros (indique)..... | <input type="checkbox"/> memoria complementaria |

Vigo, de

de 20__

Sinatura e selo da entidade solicitante

ANEXO VI

MODELO TIPO PARA A COLOCACIÓN DO LOGOTIPO DE CONCELLO NO DIFERENTE MATERIAL
IMPRESO

**CONCELLO
DE VIGO**



**Nome da festa ou
celebración**

**Programa da festa ou
celebración**

Outros patrocinadores



Concello de Vigo

CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI- PERÍODO 2023-2024.

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2023 - 2024 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 395.000€ con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva para a liña 2.

A concesión das subvencións para a liña 1 realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación sinalados na base anterior, coa excepción dos conceptos subvencionables 1.1), 1.2) , 1.3), 1.4) e 1.5) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa.

Cuarta.- Publicación, prazo e forma e forma de presentación de solicitudes

4.1.- Publicación

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO.

4.2.- Plazo

O prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria anual nun período de 15 días hábiles, a contar desde a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.hoxevigo.org), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.3.- Forma de presentación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de

identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con nas bases, que estarán dispoñibles na paxina web (www.hoxevigo.org).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as bases da convocatoria.

Quinta.- Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro a todos os conceptos a subvencionar, segundo o indicado nas bases.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas Especiais dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e **de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.**

Sétima.- Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar:

O ámbito temporal dos programas de actividades e gastos a subvencionar será dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro do presente ano 2024. As actividades realizadas nos meses de novembro e decembro do ano 2024 incorporaranse á convocatoria do vindeiro ano 2025.

Oitava.- Liñas de subvencións. Conceptos a subvencionar.

Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

As entidades participantes tan só poderá optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións dentro dentro desta liña para festas diferentes.

1.1.- Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.1.1 Festas celebradas **no ámbito urbano** cunha antigüidade de máis de 60 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).

1.2.-Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.2.1.. Festas cunha antigüidade de máis de 50 anos e un presuposto superior a 60.000 € (IVE incluído).



Concello de Vigo

1.2.2 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.2.3 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada .

1.3.1 Festas gastronómicas que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos.

1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.4.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.4.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

1.5.-Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.5.1 Festas cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000 € (IVE incluído).

1.5.2 Festas cunha antigüidade de máis de 15 anos e un presuposto superior a 10.000 € IVE incluído).

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, prevalecerá a antigüidade superior á indicada en cada apartado da liña e a celebración de maneira continuada.

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

As entidades participantes poderán optar a un máximo de DÚAS (2) subvencións para festas diferentes dentro desta liña.

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Todas as entidades solicitantes deberán estar rexistradas no Concello de Vigo e as actividades realizaranse dentro do termo municipal. No caso de interrupción temporal, prevalecerá a antigüidade superior á indicada en cada apartado da liña e a celebración de maneira continuada.

Novena: Contía individualizada das Subvencións

9.1. Liña 1.- Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e festivais folclóricos.

9.1.1.- Festas de especial interese e patronais ou copatronais da cidade que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de 30.000 €

9.1.2.-Festas patronais e copatronais de barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **18.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
3. **Contará cunha asignación fixa de 4.000 €**

9.1.3.- Festas gastronómicas de especial interese que se veñan desenvolvendo de forma continuada .

1. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

9.1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

9.1.5- .Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1. Contará cunha asignación fixa de **12.000 €**
2. Contará cunha asignación fixa de **4.000 €**

9.2. Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas.

O importe que se distribuirá entre as solicitudes a esta liña será o resultado de restar ao crédito orzamentario da partida 3380.4890000 (395.000,00 €) a suma do importe concedido aos conceptos subvencionables da Liña 1.

Este importe dividirase entre o total de puntos obtidos por todos os programas admitidos coa fin de obter o valor por punto en euros. O importe que se asignará a cada entidade solicitante é o resultado do produto entre os valor por punto e os puntos obtidos en cada programa admitido.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada programa subvencionable terá como límite o 75% do presuposto do proxecto presentado (ive incluído) e non excederá a cantidade de 3.000 €.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONOMICAS, FESTIVAIS FOLCLORICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS- PERÍODO 2023-2024.

PROPOSTA DE EXTRACTO do acordo de data _____ da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencions para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no período 2023 – 2024.



Concello de Vigo

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeiro.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2023 – 2024 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda .- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 395.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Terceira.- Beneficiarios

Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024, ámbolos dous incluídos, na cidade de Vigo.

Cuarto.- Bases Reguladoras

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O Prazo de presentación das solicitudes será o establecido na convocatoria, nun período de 15 días hábiles, a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas, dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial

da Provincia (BOPPO), en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

21(739).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA OS PREGOS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 8173/252.

Sométese a aprobación do informe-proposta de data 11/09/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do



Concello de Vigo

Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 13 de agosto de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 9 de setembro de 2024 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 30 de agosto de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexe a presente licitación.

Cuarto.- En data 2 de setembro de 2024, URBASER, actual contratista do servizo de limpeza da casa consistorial, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

Quinto.- En data 3 de setembro de 2024, a XGL aprobou o informe sobre o recurso especial en materia de contratación citado no antecedente terceiro e o remitiu xunto co expediente ao TACGAL,

Sexto.- En data 2 de setembro de 2024, D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando a memoria económica elaborada polo órgano de contratación no marco do expediente de referencia.

Sétimo.- En data de 6 de setembro de 2024, o xefe do servizo de Limpeza, servizo xestor do expediente, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-|-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación a memoria económica elaborada polo órgano de contratación no marco do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.



Concello de Vigo

- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso,

considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Se ben a recorrente alega recorrer o que denomina “prego de memoria económica”. No entanto, dado que o presuposto base de licitación no que se inclúen os custes laborais forma parte do prego de cláusulas administrativas particulares, podería entenderse que impugna o citado prego. Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 17/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta De Andalucía:

“Con carácter previo al estudio de la cuestión de fondo, procede abordar la legitimación de la organización sindical recurrente para la interposición del presente recurso especial contra la resolución del órgano de contratación, de 27 de diciembre de 2019, por la que se adjudica el presente contrato a la entidad FERROVIAL. Sobre lo anterior, el artículo 48 de la LCSP establece «Podrá interponer el recurso especial en materia de contratación cualquier



Concello de Vigo

persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso». En lo relativo a las organizaciones sindicales el citado precepto en su párrafo segundo dispone «Estarán también legitimadas para interponer este recurso, contra los actos susceptibles de ser recurridos, las organizaciones sindicales cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación». Sobre la legitimación activa de las organizaciones sindicales para la interposición del recurso especial en materia de contratación este Tribunal ha partido (v.g. Resolución 165/2018, de 1 de junio) de la doctrina del Tribunal Constitucional (SSTC 358/2006, 153/2007, 202/2007, y 33/2009, entre otras) que arranca de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar las decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Ahora bien, también indica dicho Tribunal que esa genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos ha de tener una proyección particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, pues, como ya se dijo en la STTC210/1994, «la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer».

También se debe tener en cuenta sobre esta cuestión la Sentencia de la Audiencia Nacional 348/2016, Sala de lo Contencioso administrativo, sección cuarta de fecha 6 de julio de 2016, que dispone: «En relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que “la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado,

es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”». En esta línea se han pronunciado otros órganos de resolución de recursos contractuales; así el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución 63/2019, de 13 de febrero, indica sobre esta cuestión que: «se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados». Por otro lado, el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analiza la legitimación de una organización sindical que impugnaba -como en el presente supuesto- la adjudicación de un contrato, llegando a la siguiente conclusión: «en la regulación de la LCSP, por tanto, la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

Neste caso, a Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega afirma que “atopamos na listaxe de perosal (Anexo 6) a dúas persoal que fan funcións para a propia URBASER, actual adxudicataria, un xefe de servizo e unha administrativa” (pax 1, Motivos). Queda probado, pois, que o obxecto do recurso ten unha clara incidencia no ámbito xurídico dos traballadores, xustificando o interese colectivo que representa a organización sindical recorrente en defensa dos dereitos laborais afectados pola contratación proxectada.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.



Concello de Vigo

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 2 de setembro de 2024. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 13 de agosto de 2024, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito presentado pola Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega formula unha única alegación para impugnar o que denomina “prego de

memoria económica”. Tras citar a normativa que na memoria se cita como utilizada á hora de fixar o prezo do contrato di que *“o convenio de aplicación das traballadoras de limpeza das dependencias do Concello de Vigo é o “CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENCIAS ADRITAS DO CONCELLO DE VIGO” e non o “Convenio Colectivo de Edificios e Locais da Provincia de Pontevedra”, como se expón na Memoria Económica do Concurso. Por tanto, de utilizar o Convenio Provincial para calquera referencia, convenio que leva sen negociarse desde o ano 2022 e que contempla uns salarios dese mesmo ano por debaixo do convenio propio, os resultados serían moi inferiores á realidade, causando un grave prexuízo para as traballadoras de limpeza do devandito concurso”*.

Convén por de releve que o artigo 102.3 da LCSP determina que *“3. Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberanse considerar os termos económicos dos **convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais** aplicables no lugar de prestación dos servizos”*.

Este foi o criterio seguido por esta Administración. Segundo a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, o convenio aplicable para calcular os custes laborais, en aplicación do citado artigo, é o convenio sectorial que proceda, nunca o convenio de empresa, que so ten validez entre a empresa e os seus traballadores. Citaremos por todas, a Resolución nº 961/2022 do TACRC, de 28 de xullo de 2022, ditada nos recursos nº 797 y 809/2022, que di ao respecto que:

“El tenor literal de este precepto conduce a este Tribunal a afirmar que la Ley se refiere únicamente a los convenios sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios; no así a los convenios de empresa. Resulta por ello evidente que el órgano de contratación no se encuentra vinculado, a la hora de elaborar el presupuesto base de licitación, al convenio colectivo de empresa que pueda existir, lo que es lógico habida cuenta que el Convenio colectivo de empresa resulta aplicable únicamente a la empresa y a los trabajadores que lo han suscrito, y no a terceras empresas que puedan concurrir a la licitación”.

Examinadas as disposicións da lei e a doutrina administrativa acerca da mesma podemos soste que é indubitado que para calcular o presuposto base de licitación, con relación aos custes laborais, hai que acudir ao convenio sectorial de aplicación, nunca ao convenio de empresa, como sostén a recorrente, polo que se propón ao Tribunal a desestimación desta primeira alegación.

Por outra banda, é preciso por de releve que a recorrente se limita a facer unha afirmación que non apoia. Non incorpora ao seu escrito de recurso ningunha proba das súas alegacións, sendo unha máxima do noso ordenamento xurídico e un principio xurídico incontestable que a carga da proba corresponde a quen afirma os feitos que sustentan a súa pretensión. Nesta liña, a Resolución 032/2022, de 14 de febreiro, da Titular do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi di o seguinte con relación a impugnación do presuposto base de licitación dun contrato:

“Este OARC / KEAO ha venido señalando (ver, por todas, la Resolución 81/2020) que el poder adjudicador dispone de un margen de discrecionalidad



Concello de Vigo

para determinar el PBL o el precio del contrato, y que corresponde a quien impugna dicha determinación la carga de probar, más allá de las vicisitudes del mercado, que bajo las condiciones económicas propuestas no cabe esperar una concurrencia suficiente y no está garantizada la viabilidad de la correcta ejecución del contrato”.

Informa ao respecto o xefe do servizo xestor, en data 6 de setembro de 2024, o seguinte:

“A este respecto procede informar que a memoria económica publicada indica que o prezo do contrato é unha cantidade certa segundo o preceptuado no artigo 102 da LCSP, abonándose ao contratista en función da prestación realmente executada. Indica tamén que conforme ao establecido no artigo 102.3 da LCSP, a determinación do prezo do contrato deberá ser o “... adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral do mercado no momento de fixar o orzamento base de licitación ...”. Así mesmo o artigo 100.2 da LCSP, en relación co orzamento base de licitación, establece “No momento de elaboralo, os órganos de contratación velarán pola adecuación do orzamento base de licitación aos prezos de mercado. O artigo 35 da LCSP, relativo ao contido mínimo do contrato, establece que os pregos de formalización do contrato incluirán: «n) A obriga da empresa contratista de cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación”. E o artigo 122.2 da LCSP dispón: «2. O prego de cláusulas administrativas particulares recollerá (...) a obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores de acordo co Convenio Colectivo sectorial de aplicación; (...)”.

Así as cousas, a memoria económica considera todos estes aspectos determinando os de aplicación ao prezo do contrato en cada caso: convenio propio de empresa e convenio provincial. A condición de subrogación ven establecida no convenio provincial polo que este é o de aplicación neste particular; o prezo de mercado obtense das táboas salariais do convenio no que estas sexan máis elevadas (que neste caso é o de empresa) polo que este debe ser o de aplicación para esta especificidade.

No documento económico tívose en conta para o cálculo do custe do contrato as horas estimadas como necesarias das seguintes categorías profesionais:

- *Limpador/a e peón de oficios varios*
- *Peón especializado/a e axudante de oficios varios*
- *Conductor limpador/a*
- *Responsable de equipo*

Considerouse tamén para cada traballador o custe da antigüidade e as cotizacións á SS que lle son de aplicación.

Para as categorías profesionais indicadas, o apartado III.c.1 da memoria económica da licitación calcula o custe unitario. Para elo emprega as táboas salariais correspondentes co chamado “ano 1 do contrato” (ano 2025

completo - 12 meses-) segundo o publicado no Convenio Colectivo de aplicación, que como se indicou anteriormente é o convenio de empresa. Basta analizar as táboas III.c.1.a) e III.c.1.b) (páxinas 8 e 9) da memoria, para verificar esta afirmación.

A memoria económica calcula o prezo do contrato que se licita conforme ao prezo de mercado, cuantificando o persoal necesario para a prestación do servizo en todas as categorías profesionais conforme ao indicado no convenio de empresa. Cuestión esta que por outra banda non foi obxecto de reproche no recurso anterior da mesma recurrente”.

En consecuencia, á vista do alegado, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación destas alegacións polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

-VI-

Conclusións

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

-VIII-

Acordo



Concello de Vigo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución no presente recurso”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(740).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16), PASANDO A DENOMINARSE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS (16). Expte. 3185/500.

Visto o informe de fiscalización do 12/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración municipal
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Directiva (UE) 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos
- Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento e do Consello, do 5 de xullo de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (en adiante, Lei 7/2022)
- Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de agosto do 2024 aprobouse o Proxecto de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 FISCAL XERAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16).

Segundo.- Durante o trámite previsto no 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, presentáronse emendas polos grupos políticos á presente ordenanza, unidas ao presente expediente, cos seguintes números de Rexistro do Pleno: 4613/1101 e 4615/1101.

Terceiro.- Remitidas ditas emendas ao Tribunal Económico Administrativo, en data 11 de setembro do 2024 este Tribunal emitiu informe previo sobre a “decisión política de aceptar a proposta de emenda formulada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, decisión asimesmo manifestada ao asinante do presente polo Sr. Concelleiro da Área. Como consecuencia, requírese deste órgano a súa opinión tanto sobre a legalidade da proposta alternativa formulada como respecto ao procedemento a seguir”. A proposta de emenda do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (registro de Pleno 4615/1101) consta unida ao expediente e propón a inclusión de articulado (Disposición Adicional) e a inclusión dun axuste na Disposición Transitoria Primeira e no Anexo da ordenanza de acordo coa redacción proposta na Disposición Adicional.

Cuarto.- Incorporouse en data 12 de setembro de 2024 informe complementario ao anterior informe técnico-económico asinado con data 31/07/2024 que obra no expediente, que conclúe que a introdución da proposta de emenda do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE mantén o cumprimento legal do artigo 24.2 do TRLRFL e 11.3 da Lei 7/2022.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

I.- Nos municipios do Título X da Lei 7/1985, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos (artigo 127.1.a).

II.- No caso de variación dun proxecto de ordenanza xa aprobado pola Xunta de Goberno Local, é competencia deste órgano colexiado a aprobación do texto modificado do Proxecto de Ordenanza. Neste senso, os informes obrantes no expediente establecen:

- Informe previo de legalidade do Tribunal Económico-Administrativo de 08/08/2024: “De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento das restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV se someterá a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno”.

- Informe da Intervención Xeral do 12/08/2024 incluído no expediente indica “Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local”.

- Informe do Tribunal Económico-Administrativo de data 11 de setembro do 2024 explicita o procedemento a seguir nestes casos: “Mantendo este órgano o dito criterio (xa formulado nos mesmos términos no informe ás emendas de 2016), a aceptación da emenda debe ser aprobada, previa revisión dos informes previos e da proposta de resolución, e tra-lo preceptivo informe da Intervención Xeral, pola Xunta de Goberno Local e remitida despois ao TEA para a emisión do igualmente preceptivo Dictame. Efectuados os ditos trámites, será remitido o Proxecto de Ordenanza á Comisión Informativa correspondente e, sin necesidade de novo trámite de emendas, sometida ao Pleno para a súa aprobación inicial”.



Concello de Vigo

O informe complementario ao informe técnico económico valida a adecuación técnica e económica das modificacións propostas na emenda, concretadas na inclusión de articulado (Disposición Adicional) e a inclusión dun axuste na Disposición Transitoria Primeira e no Anexo da ordenanza de acordo coa redacción proposta da Disposición Adicional, concluíndo a introdución da proposta de emenda do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE non afectaría ao cumprimento dos principios de equivalencia e de taxa non deficitaria establecidos nos artigos 24.2 do TRLRFL e 11.3 da Lei 7/2022, respectivamente.

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria tras a aceptación da emenda e asumindo como escenario máis probable para o 2025 unha redución do 0%.

Segundo os datos extraídos do orzamento municipal do 2024, os ingresos previstos para lixo vivendas ascenden a 12.688.000€ e 5.460.000€ para lixo comercial.

Faise constar que debido á aplicación da Lei 7/2022 (pago por xeración), producírase un reaxuste nas correspondentes imputacións orzamentarias, minorando o concepto 302.00 (residuos comerciais) en 1.039.000€ e incrementando o concepto 302.01 en 3.923.000€.

Segundo o anterior e a proposta de modificación de tarifas incluída no presente expediente, o impacto orzamentario total para o 2025 respecto do 2024 nos conceptos orzamentarios 302.00 e 302.01 é de 2.884.000€ (incluíndo 204.711,62€ derivados da aplicación da Disposición Transitoria Segunda), contía que representa a diferenza entre 3.923.000€ e 1.039.000€.

Tramitación da modificación do proxecto de Ordenanza fiscal nº 16 en substitución do acordo de 30 de agosto de 2024 de Xunta de Goberno Local.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Tal e como expresa o Tribunal Económico-Administrativo no seu informe de 11 de setembro de 2024: "Mantendo este órgano o dito criterio (xa formulado nos mesmos termos no informe ás enmendas de 2016), a aceptación da enmenda debe ser aprobada, previa revisión dos informes previos e da proposta de resolución, e tra-lo preceptivo informe da Intervención Xeral, pola Xunta de Goberno Local e remitida despois ao TEA para a emisión do igualmente preceptivo Dictame. Efectuados os ditos trámites, será remitido o Proxecto de Ordenanza á Comisión Informativa correspondente e, sin necesidade de novo trámite de enmendas, sometida ao Pleno para a súa aprobación inicial".

Propónse á Xunta de Goberno Local, en substitución do seu acordo de 30 de agosto de 2024, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 FISCAL XERAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16) PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á**

LEI 7/2022, PASANDO A DENOMINARSE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS (16).

ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local no termo municipal de Vigo, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas e locais ou establecementos nos que se realicen actividades económicas, nos termos previstos nos artigos 2.at), e 12.5.e.2) da Lei 7/2022. No caso dos locais sen actividade e dos aparcadoiros privados, quedarán suxeitos á taxa e tributarán pola cota de dispoñibilidade do servizo prevista no artigo 4. Non están suxeitos á taxa os establecementos e vivendas en situación de ruína ou reforma.

3. ELIMÍNASE

4. ELIMÍNASE

ARTIGO 4 COTA

4.1 COTA VIVENDAS

4.1.1. A cota resultante polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos en vivendas consistirá nunha cota fixa por dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración.

4.1.2. A cota fixa de dispoñibilidade destínase a sufragar o custo fixo do servizo e consiste nunha cantidade fixa anual de 94,33 € por cada vivenda.

4.1.3. A cota variable determínase pola cantidade de residuos xerada en cada vivenda en función do número de persoas que a habitan. A cota variable anual será a seguinte:

- Vivendas sen habitantes: 9,50 €
- Vivendas entre 1-3 persoas: 29,40 €
- Vivendas entre 4-6 persoas: 36,90 €
- Vivendas de máis de 6 persoas: 43,90 €

A efectos da contificación do número de habitantes da vivenda, tomarase o número de persoas que consten no padrón municipal de habitantes na data de devengo da taxa: 1 de xaneiro.

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

4.2 COTA ESTABLECEMENTOS

4.2.1. Aos establecementos e locais aplicaráselle unha cota tributaria integrada por unha cota de dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración:

Cota tributaria resultante= cota de dispoñibilidade do servizo + cota variable

4.2.2. A cota de dispoñibilidade do servizo determínase a partir da cota fixa base de dispoñibilidade, sobre a cal se aplica un coeficiente en función do tramo da superficie do local, segundo a seguinte fórmula:

$$Cd = Cb \times (1 + (Cs - 1) \times 0,65)$$



Concello de Vigo

Onde:

Cd é a cota de dispoñibilidade para cada tramo de superficie

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota fixa de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Cs é o coeficiente de superficie do local

A cota de dispoñibilidade do servizo aplicarase a todos os locais e establecementos, con independencia da actividade realizada, incluídos os garaxes privados e os locais sen actividade.

Os valores do coeficiente de superficie (cs) son os seguintes:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 30 m ²	1,0
Máis de 30 ata 100 m ²	1,2
Máis de 100 ata 200 m ²	1,4
Máis de 200 ata 500 m ²	1,8
Máis de 500 ata 1.000 m ²	2,4
Máis de 1.000 ata 2.000 m ²	3,5
Máis de 2.000 m ²	5,0

No caso dos garaxes privados, o tramo de superficie contifícase en función do número de prazas de aparcamento, de acordo co seguinte cadro:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 3 prazas	1,0
De 4 a 25 prazas	2,0
Máis de 25 prazas	3,0

Os locais sen actividade tributarán por unha cota de dispoñibilidade de contía idéntica á cota aplicable a vivendas sen habitantes (103,83 €).

4.2.3. A cota variable establécese como resultado de multiplicar a cota fixa base de dispoñibilidade pola parte que excede a unidade do coeficiente de actividade do sector no que se encadra o establecemento, e polo coeficiente do tramo de superficie do local:

$$Cv = Cb \times ((Ca - 1) \times Cs)$$

Onde:

Cv é a cota variable

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Ca é o coeficiente de actividade e representa a cantidade e o tipo de residuos do sector correspondente por unidade de superficie

Cs é o coeficiente de superficie do local definido no precedente punto 4.2.2.

4.2.4. O coeficiente de actividade é unha cifra definida para cada un dos sectores de actividade ou tipoloxías do local ou establecemento.

O valor dos coeficientes de actividade foi calculado a partir dun indicador de xeración de residuos para as actividades do termo municipal de Vigo, sendo os valores os indicados na seguinte táboa:

SECTOR DE ACTIVIDADE	COEFICIENTE
Aloxamento	7,2
Restaurantes	6,9

Servizos de saúde con hospitalización / residencias	5,2
Centros educativos (colexios)	4,4
Bares e cafeterías	4,4
Supermercados e froiterías	3,7
Ocio nocturno	3,5
Alimentación	3,4
Vivendas turísticas	3,2
Servizos persoais e recreativos	2,0
Comercio persoal	1,7
Servizos de saúde sen hospitalización	1,5
Fábricas e talleres	1,5
Garaxes con acceso público	1,5
Comercio fogar	1,4
Almacéns	1,4
Aloxamento sen restauración	1,4
Servizos administrativos	1,1
Garaxes privados e locais sen actividade	1,0

4.2.5. Os establecementos industriais, comerciais e de servizos cun volume de residuos superior a 800 litros/día depositarán estes nos colectores que determine o servizo municipal de limpeza, de acordo coas necesidades de organización do citado servizo segundo a zona ou rúa e tributarán por esta taxa coas seguintes cotas:

- Por cada colector de 800/1.000 l: 2.680,86 €
- Por cada colector de 2.400/.3000 l: 7.534,96 €

Así, as cotas resultantes, para as distintas actividades, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

ARTIGO 5. REDUCIÓNS

5.1. Aplicarase unha redución do 65% da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente. A tal efecto, considerarase acreditada a participación na recollida separada de residuos se cumpren calquera das seguintes condicións:

- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado depósitos de residuos orgánicos no colector separado da fracción orgánica (colector marrón).
- Que a vivenda conte de composteiro domiciliario entregado polo servizo municipal de limpeza, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teña realizado, como mínimo, unha entrega a algún dos puntos limpos municipais.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan depositado, como mínimo unha vez, residuos voluminosos (enseres) ou restos de podas de domicilios particulares, sempre que o depósito destes residuos teña sido comunicada e realizada de acordo co establecido polo servizo de limpeza.

Para a aplicación desta redución na cota variable, será necesario que o servizo municipal de limpeza facilite aos servizos tributarios datos sobre os "comportamentos responsables" mencionados anteriormente, sen prexuízo das comprobacións que realicen os propios servizos tributarios.



Concello de Vigo

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.2. Aplicarase unha redución do 40% da parte do coeficiente de actividade que exceda de 1 para todos aqueles establecementos que acrediten unha adecuada separación das diferentes fraccións de residuos e o correcto depósito nos colectores habilitados a tal efecto polo servizo municipal de limpeza, de acordo coa normativa aplicable.

Presumirase cumprida a condición para esta redución por parte de todos os establecementos, agás naqueles casos nos que os servizos tributarios ou o servizo de limpeza acrediten o incumprimento das mesmas.

Así, as cotas, para actividades económicas, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.3. Aplicarase unha redución do 100% da cota tributaria para as vivendas que constitúan a residencia habitual da persoa solicitante, sempre e cando os ingresos brutos anuais per cápita, de todas as persoas convivintes sexan inferiores a 4.860 € e, 7.051 € para familias numerosas. O cómputo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta redución haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 54.136€.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

5.3.1. No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a redución.

5.3.2. No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

5.3.3. No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

5.3.4. No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

5.3.5. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza, ou de protección ou medida cautelar, informe do ministerio fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/ 2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

5.3.6. No caso de que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia, debendo acompañar certificado de familia monoparental á solicitude.

5.3.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

5.3.8. No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

5.3.9. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

5.3.10. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

5.3.11. Presentaran solicitude de redución unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar redución, se procede, nos sucesivos exercicios.

5.3.12. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

5.3.13. As solicitudes de redución deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, produciran efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran presentadas.

De presentarse algunha solicitude de redución entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora presentada, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

5.3.14. No caso de que con posterioridade á solicitude de redución e antes do 30 de abril do exercicio no que deba producir efectos, houbera cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas ocupantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, a solicitude non será tramitada ou quedará sen efecto a redución xa concedida.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

7.1. Consideracións sobre a determinación das cotas.

7.1.1. Cando nun domicilio se simultanee a residencia co exercicio dunha actividade económica, entre a cota resultante de vivenda e a cota resultante de actividade, elixirase a de maior importe.

Terán a consideración de vivendas de uso turístico as que figuren inscritas como tales no Directorio de aloxamentos turísticos da Xunta de Galicia á data do devengo e tributarán por esta taxa segundo o artigo 4.2.

7.1.2. A clasificación das actividades nos diferentes grupos, realizarase naquel no que pola súa natureza máis se asemelle, a criterio da Xestión Tributaria.



Concello de Vigo

Previa xustificación documental e co fin de garantir o principio de pago por xeración, a Xestión Tributaria poderá determinar situacións que deban ser asimiladas a locais sen actividade ou que proceda ás mesmas a aplicación dun coeficiente distinto ao definido con carácter xeral.

7.1.3. Aos efectos do disposto nesta ordenanza, considérase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal empregado dende zoas comúns ou dende vía pública, constituíndo cada local un obxecto tributario distinto a efectos do pago da presente taxa.

7.1.4. No caso de que un mesmo suxeito pasivo realice varias actividades nun mesmo local, aplicarase un só coeficiente de actividade dos sinalados no art.4. Procederá a aplicación daquel coeficiente que resulte de maior valor entre os de aplicación ás actividades desenvolvidas, considerándose para a mesma a totalidade da superficie do local.

7.1.5. No caso de que varios suxeitos pasivos distintos, realicen cadansúa actividade compartindo un mesmo local, procederá a cada un deles a cota que resulte de aplicación segundo o artigo 5 da presente ordenanza, considerando a totalidade dos metros do local para cada un deles, reducida nun 30%. A aplicación da presente redución, terá efectos a partir do exercicio seguinte ao que se solicite.

Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior aos denominados espazos de traballo flexibles (Coworking e similares), procedendo unha única cota de actividade ao titular da actividade principal.

7.1.6. No caso de locais ou establecementos que acrediten que a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos é realizada por un xestor autorizado, aplicarase un coeficiente de actividade 1.

7.1.7. Considerarase que a superficie de local ou establecemento será a establecida polos servizos da Xestión Tributaria, baseándose nas superficies catastrais e nas comprobacións realizadas polo propio servizo, seguindo criterios que permitan determinar as superficies efectivamente destinadas ás actividades.

7.2. Altas, variacións e baixas

7.2.1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de residuos produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.

As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (modelo 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.

A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corruxirán os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmóbil no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.

7.2.2. Para o caso de vivendas, as liquidacións/recibos do padrón da taxa para vivendas relativas a altas e modificacións catastrais non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alta ou modificación catastral ao suxeito pasivo da taxa.

7.2.3. Para o caso de actividades económicas:

- As persoas titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de residuos segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para a persoa titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.

- No caso de subarrendamentos, o/a subarrendador/a terá unha obrigaón análoga á definida no parágrafo anterior para o titular catastral e con idénticos efectos.

- As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación así como as altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.

- Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios/as, profesionais e retenedores/as, así como as solicitudes de licenza de actividades e instalación ou no seu caso as "declaracións responsables ou comunicacións previas" presentadas na Xerencia Municipal de Urbanismo surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de residuos de actividade económica, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.

- As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.

- As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran presentadas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.

- A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. SUBSTITÚESE POLA SEGUINTE :

A porcentaxe de redución prevista no artigo 5.1 para o ano 2025 e seguintes dependerá do importe do canon de tratamento de residuos de Sogama en vigor á data de aprobación do padrón fiscal da taxa de residuos de vivenda, de acordo coa seguinte fórmula:

Redución da cota variable de vivendas habitadas = $(65\% - (2,87 \times \pm\% \text{ de variación do importe do canon respecto de } 96,86 \text{ €/t , IVE incluído})) \times \text{Coeficiente de xeración de residuos}$

O resultado así obtido axustarase ao enteiro superior.

O coeficiente de xeración de residuos dependerá da cantidade de residuos (fracción resto) xerada no termo municipal e enviada para o seu tratamento en Sogama no exercicio inmediatamente anterior ao de imposición. Este coeficiente adoptará os seguintes valores:

- Menos de 80.000 t: 1,5
- Entre 80.000 e 85.000 t: 1,2
- Entre 85.000 e 90.000 t: 1,0
- Máis de 90.000 t: 0

A porcentaxe de redución non poderá superar o 100% nen ser inferior ao 0%.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

A redución da cota variable doméstica prevista no artigo 5.1 e na Disposición Adicional aplicarase de oficio a todas as vivendas habitadas por un mínimo de 1 persoa, continuando vixente esta redución ata que esta ordenanza resulte modificada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.



Concello de Vigo

1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar un importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA VIVENDAS.

TIPO DE VIVENDA	COTA FIXA DE DISPOÑIBILIDADE	COTA VARIABLE	COTA TOTAL
Sen habitantes	94,33€	9,50€	103,83€
1- 3 habitantes	94,33€	29,40€	123,73€
4-6 habitantes	94,33€	36,90€	131,23€
Máis de 6 habitantes	94,33€	43,90€	138,23€
Con redución do 100% por renda	0€	0€	0€

Sobre as cotas variables aplicaríase, no seu caso, a redución prevista na Disposición Adicional.

ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA OS DIFERENTES SECTORES DE ACTIVIDADE SEGUNDO O REGULADO NOS ARTIGOS 4.2 E 5.2 DA ORDENANZA, SEN PREXUIZO DO DISPOSTO NO SEGUNDO PARÁGRAFO DO ARTIGO 5.2

	COEF. ACTIV.	TRAMO 1 ata 30 m ²	TRAMO 2 30 - 100 m ²	TRAMO 3 100 - 200 m ²	TRAMO 4 200 - 500 m ²	TRAMO 5 500 - 1000 m ²	TRAMO 6 1000 - 2000 m ²	TRAMO 7 máis 2000 m ²
COEF. SUPERF.		1	1,2	1,4	1,8	2,4	3,5	5
Aloxamento	4,7	443,35 €	525,42 €	607,49 €	771,62 €	1.017,82 €	1.469,19 €	2.084,69 €
Restaurantes	4,5	424,49 €	502,78 €	581,07 €	737,66 €	972,54 €	1.403,16 €	1.990,36 €
Servizos de saúde con hospitalización / residencias	3,5	330,16 €	389,58 €	449,01 €	567,87 €	746,15 €	1.073,00 €	1.518,71 €
Centros educativos (colexios)	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Bares e cafeterías	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Supermercados e froiterías	2,6	245,26 €	287,71 €	330,16 €	415,05 €	542,40 €	775,86 €	1.094,23 €
Ocio nocturno	2,5	235,83 €	276,39 €	316,95 €	398,07 €	519,76 €	742,85 €	1.047,06 €
Alimentación	2,4	226,39 €	265,07 €	303,74 €	381,09 €	497,12 €	709,83 €	999,90 €

Vivendas de uso turístico	2,3	216,96 €	253,75 €	290,54 €	364,11 €	474,48 €	676,82 €	952,73 €
Servizos persoais e recreativos	1,6	150,93 €	174,51 €	198,09 €	245,26 €	316,01 €	445,71 €	622,58 €
Comercio persoal	1,4	132,06 €	151,87 €	171,68 €	211,30 €	270,73 €	379,68 €	528,25 €
Servizos de saúde sen hospitalización	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Fábricas e talleres	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Garaxes con acceso público	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Comercio fogar	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Almacéns	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Aloxamento sen restauración	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Servizos administrativos	1,1	103,76 €	117,91 €	132,06 €	160,36 €	202,81 €	280,63 €	386,75 €

Para 2025 e seguintes, resultará de aplicación a Disposición transitoria 2ª:

“1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón fiscal desta taxa do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.”

Cotas para garaxes privados:

TIPO	COTA
Ata 3 prazas	94,33 €
De 4 a 25 prazas	155,64 €
Máis de 25 prazas	216,95 €

Cotas para locais sen actividade: 103,83€

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

1º) Aprobar provisionalmente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 FISCAL XERAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16) PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 7/2022, PASANDO A DENOMINARSE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS (16).**

ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local no termo municipal de Vigo, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.



Concello de Vigo

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas e locais ou establecementos nos que se realicen actividades económicas, nos termos previstos nos artigos 2.at), e 12.5.e.2) da Lei 7/2022. No caso dos locais sen actividade e dos aparcadoiros privados, quedarán suxeitos á taxa e tributarán pola cota de dispoñibilidade do servizo prevista no artigo 4. Non están suxeitos á taxa os establecementos e vivendas en situación de ruína ou reforma.

3. ELIMÍNASE

4. ELIMÍNASE

ARTIGO 4 COTA

4.1 COTA VIVENDAS

4.1.1. A cota resultante polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos en vivendas consistirá nunha cota fixa por dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración.

4.1.2. A cota fixa de dispoñibilidade destínase a sufragar o custo fixo do servizo e consiste nunha cantidade fixa anual de 94,33 € por cada vivenda.

4.1.3. A cota variable determínase pola cantidade de residuos xerada en cada vivenda en función do número de persoas que a habitan. A cota variable anual será a seguinte:

- Vivendas sen habitantes: 9,50 €
- Vivendas entre 1-3 persoas: 29,40 €
- Vivendas entre 4-6 persoas: 36,90 €
- Vivendas de máis de 6 persoas: 43,90 €

A efectos da contificación do número de habitantes da vivenda, tomarase o número de persoas que consten no padrón municipal de habitantes na data de devengo da taxa: 1 de xaneiro.

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

4.2 COTA ESTABLECEMENTOS

4.2.1. Aos establecementos e locais aplicaráselle unha cota tributaria integrada por unha cota de dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración:

Cota tributaria resultante= cota de dispoñibilidade do servizo + cota variable

4.2.2. A cota de dispoñibilidade do servizo determínase a partir da cota fixa base de dispoñibilidade, sobre a cal se aplica un coeficiente en función do tramo da superficie do local, segundo a seguinte fórmula:

$$Cd = Cb \times (1 + (Cs - 1) \times 0,65)$$

Onde:

Cd é a cota de dispoñibilidade para cada tramo de superficie

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota fixa de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Cs é o coeficiente de superficie do local

A cota de dispoñibilidade do servizo aplicarase a todos os locais e establecementos, con independencia da actividade realizada, incluídos os garaxes privados e os locais sen actividade.

Os valores do coeficiente de superficie (cs) son os seguintes:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 30 m ²	1,0
Máis de 30 ata 100 m ²	1,2
Máis de 100 ata 200 m ²	1,4
Máis de 200 ata 500 m ²	1,8
Máis de 500 ata 1.000 m ²	2,4
Máis de 1.000 ata 2.000 m ²	3,5
Máis de 2.000 m ²	5,0

No caso dos garaxes privados, o tramo de superficie contifícase en función do número de prazas de aparcamento, de acordo co seguinte cadro:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 3 prazas	1,0
De 4 a 25 prazas	2,0
Máis de 25 prazas	3,0

Os locais sen actividade tributarán por unha cota de dispoñibilidade de contía idéntica á cota aplicable a vivendas sen habitantes (103,83 €).

4.2.3. A cota variable establécese como resultado de multiplicar a cota fixa base de dispoñibilidade pola parte que excede a unidade do coeficiente de actividade do sector no que se encadra o establecemento, e polo coeficiente do tramo de superficie do local:

$$Cv = Cb \times ((Ca - 1) \times Cs)$$

Onde:

Cv é a cota variable

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Ca é o coeficiente de actividade e representa a cantidade e o tipo de residuos do sector correspondente por unidade de superficie

Cs é o coeficiente de superficie do local definido no precedente punto 4.2.2.

4.2.4. O coeficiente de actividade é unha cifra definida para cada un dos sectores de actividade ou tipoloxías do local ou establecemento.

O valor dos coeficientes de actividade foi calculado a partir dun indicador de xeración de residuos para as actividades do termo municipal de Vigo, sendo os valores os indicados na seguinte táboa:

SECTOR DE ACTIVIDADE	COEFICIENTE
Aloxamento	7,2
Restaurantes	6,9
Servizos de saúde con hospitalización / residencias	5,2
Centros educativos (colexios)	4,4
Bares e cafeterías	4,4
Supermercados e froiterías	3,7
Ocio nocturno	3,5
Alimentación	3,4
Vivendas turísticas	3,2



Concello de Vigo

Servizos persoais e recreativos	2,0
Comercio persoal	1,7
Servizos de saúde sen hospitalización	1,5
Fábricas e talleres	1,5
Garaxes con acceso público	1,5
Comercio fogar	1,4
Almacéns	1,4
Aloxamento sen restauración	1,4
Servizos administrativos	1,1
Garaxes privados e locais sen actividade	1,0

4.2.5. Os establecementos industriais, comerciais e de servizos cun volume de residuos superior a 800 litros/día depositarán estes nos colectores que determine o servizo municipal de limpeza, de acordo coas necesidades de organización do citado servizo segundo a zona ou rúa e tributarán por esta taxa coas seguintes cotas:

- Por cada colector de 800/1.000 l: 2.680,86 €
- Por cada colector de 2.400/.3000 l: 7.534,96 €

Así, as cotas resultantes, para as distintas actividades, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

ARTIGO 5. REDUCIÓNS

5.1. Aplicarase unha redución do 65% da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente. A tal efecto, considerarase acreditada a participación na recollida separada de residuos se cumpren calquera das seguintes condicións:

- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado depósitos de residuos orgánicos no colector separado da fracción orgánica (colector marrón).
- Que a vivenda conte de composteiro domiciliario entregado polo servizo municipal de limpeza, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teña realizado, como mínimo, unha entrega a algún dos puntos limpos municipais.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan depositado, como mínimo unha vez, residuos voluminosos (enseres) ou restos de podas de domicilios particulares, sempre que o depósito destes residuos teña sido comunicada e realizada de acordo co establecido polo servizo de limpeza.

Para a aplicación desta redución na cota variable, será necesario que o servizo municipal de limpeza facilite aos servizos tributarios datos sobre os "comportamentos responsables" mencionados anteriormente, sen prexuízo das comprobacións que realicen os propios servizos tributarios.

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.2. Aplicarase unha redución do 40% da parte do coeficiente de actividade que exceda de 1 para todos aqueles establecementos que acrediten unha adecuada separación das diferentes fraccións de residuos e o correcto depósito nos colectores habilitados a tal efecto polo servizo municipal de limpeza, de acordo coa normativa aplicable.

Presumirase cumprida a condición para esta redución por parte de todos os establecementos, agás naqueles casos nos que os servizos tributarios ou o servizo de limpeza acrediten o incumprimento das mesmas.

Así, as cotas, para actividades económicas, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.3. Aplicarase unha redución do 100% da cota tributaria para as vivendas que constitúan a residencia habitual da persoa solicitante, sempre e cando os ingresos brutos anuais per cápita, de todas as persoas convivintes sexan inferiores a 4.860 € e, 7.051 € para familias numerosas. O cómputo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta redución haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 54.136€.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

5.3.1. No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a redución.

5.3.2. No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

5.3.3. No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

5.3.4. No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

5.3.5. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza, ou de protección ou medida cautelar, informe do ministerio fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/ 2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase a súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

5.3.6. No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia, debendo acompañar certificado de familia monoparental á solicitude.



Concello de Vigo

5.3.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

5.3.8. No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

5.3.9. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

5.3.10. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

5.3.11. Presentaran solicitude de redución unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar redución, se procede, nos sucesivos exercicios.

5.3.12. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

5.3.13. As solicitudes de redución deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran presentadas.

De presentarse algunha solicitude de redución entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora presentada, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

5.3.14. No caso de que con posterioridade á solicitude de redución e antes do 30 de abril do exercicio no que deba producir efectos, houbera cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas ocupantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, a solicitude non será tramitada ou quedará sen efecto a redución xa concedida.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

7.1. Consideracións sobre a determinación das cotas.

7.1.1. Cando nun domicilio se simultanee a residencia co exercicio dunha actividade económica, entre a cota resultante de vivenda e a cota resultante de actividade, elixirase a de maior importe.

Terán a consideración de vivendas de uso turístico as que figuren inscritas como tales no Directorio de aloxamentos turísticos da Xunta de Galicia á data do devengo e tributarán por esta taxa segundo o artigo 4.2.

7.1.2. A clasificación das actividades nos diferentes grupos, realizarase naquel no que pola súa natureza máis se asemelle, a criterio da Xestión Tributaria.

Previa xustificación documental e co fin de garantir o principio de pago por xeración, a Xestión Tributaria poderá determinar situacións que deban ser asimiladas a locais sen actividade ou que proceda ás mesmas a aplicación dun coeficiente distinto ao definido con carácter xeral.

7.1.3. Aos efectos do disposto nesta ordenanza, considérase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal

empregado dende zoas comúns ou dende vía pública, constituíndo cada local un obxecto tributario distinto a efectos do pago da presente taxa.

7.1.4. No caso de que un mesmo suxeito pasivo realice varias actividades nun mesmo local, aplicarase un só coeficiente de actividade dos sinalados no art.4. Procederá a aplicación daquel coeficiente que resulte de maior valor entre os de aplicación ás actividades desenvolvidas, considerándose para a mesma a totalidade da superficie do local.

7.1.5. No caso de que varios suxeitos pasivos distintos, realicen cadansúa actividade compartindo un mesmo local, procederá a cada un deles a cota que resulte de aplicación segundo o artigo 5 da presente ordenanza, considerando a totalidade dos metros do local para cada un deles, reducida nun 30%. A aplicación da presente redución, terá efectos a partir do exercicio seguinte ao que se solicite.

Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior aos denominados espazos de traballo flexibles (Coworking e similares), procedendo unha única cota de actividade ao titular da actividade principal.

7.1.6. No caso de locais ou establecementos que acrediten que a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos é realizada por un xestor autorizado, aplicarase un coeficiente de actividade 1.

7.1.7. Considerarase que a superficie de local ou establecemento será a establecida polos servizos da Xestión Tributaria, baseándose nas superficies catastrais e nas comprobacións realizadas polo propio servizo, seguindo criterios que permitan determinar as superficies efectivamente destinadas ás actividades.

7.2. Altas, variacións e baixas

7.2.1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de residuos produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.

As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (modelo 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.

A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corruxirán os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmóbil no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.

7.2.2. Para o caso de vivendas, as liquidacións/recibos do padrón da taxa para vivendas relativas a altas e modificacións catastrais non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alta ou modificación catastral ao suxeito pasivo da taxa.

7.2.3. Para o caso de actividades económicas:

- As persoas titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de residuos segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para a persoa titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.

- No caso de subarrendamentos, o/a subarrendador/a terá unha obrigaón análoga á definida no parágrafo anterior para o titular catastral e con idénticos efectos.

- As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación así como as altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.



Concello de Vigo

- Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios/as, profesionais e retenedores/as, así como as solicitudes de licenza de actividades e instalación ou no seu caso as “declaracións responsables ou comunicacións previas” presentadas na Xerencia Municipal de Urbanismo surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de residuos de actividade económica, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.

- As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.

- As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran presentadas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.

- A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. SUBSTITÚESE POLA SEGUINTE :

A porcentaxe de redución prevista no artigo 5.1 para o ano 2025 e seguintes dependerá do importe do canon de tratamento de residuos de Sogama en vigor á data de aprobación do padrón fiscal da taxa de residuos de vivenda, de acordo coa seguinte fórmula:

Redución da cota variable de vivendas habitadas = $(65\% - (2,87 \times \pm\% \text{ de variación do importe do canon respecto de } 96,86 \text{ €/t , IVE incluído})) \times \text{Coeficiente de xeración de residuos}$

O resultado así obtido axustarase ao enteiro superior.

O coeficiente de xeración de residuos dependerá da cantidade de residuos (fracción resto) xerada no termo municipal e enviada para o seu tratamento en Sogama no exercicio inmediatamente anterior ao de imposición. Este coeficiente adoptará os seguintes valores:

- Menos de 80.000 t: 1,5
- Entre 80.000 e 85.000 t: 1,2
- Entre 85.000 e 90.000 t: 1,0
- Máis de 90.000 t: 0

A porcentaxe de redución non poderá superar o 100% nen ser inferior ao 0%.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

A redución da cota variable doméstica prevista no artigo 5.1 e na Disposición Adicional aplicarase de oficio a todas as vivendas habitadas por un mínimo de 1 persoa, continuando vixente esta redución ata que esta ordenanza resulte modificada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar un importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA VIVENDAS.

TIPO DE VIVENDA	COTA FIXA DE DISPOÑIBILIDADE	COTA VARIABLE	COTA TOTAL
Sen habitantes	94,33€	9,50€	103,83€
1- 3 habitantes	94,33€	29,40€	123,73€
4-6 habitantes	94,33€	36,90€	131,23€
Máis de 6 habitantes	94,33€	43,90€	138,23€
Con redución do 100% por renda	0€	0€	0€

Sobre as cotas variables aplicaríase, no seu caso, a redución prevista na Disposición Adicional.

ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA OS DIFERENTES SECTORES DE ACTIVIDADE SEGUNDO O REGULADO NOS ARTIGOS 4.2 E 5.2 DA ORDENANZA, SEN PREXUÍZO DO DISPOSTO NO SEGUNDO PARÁGRAFO DO ARTIGO 5.2

	COEF. ACTIV.	TRAMO 1 ata 30 m ²	TRAMO 2 30 - 100 m ²	TRAMO 3 100 - 200 m ²	TRAMO 4 200 - 500 m ²	TRAMO 5 500 - 1000 m ²	TRAMO 6 1000 - 2000 m ²	TRAMO 7 máis 2000 m ²
COEF. SUPERF.		1	1,2	1,4	1,8	2,4	3,5	5
Aloxamento	4,7	443,35 €	525,42 €	607,49 €	771,62 €	1.017,82 €	1.469,19 €	2.084,69 €
Restaurantes	4,5	424,49 €	502,78 €	581,07 €	737,66 €	972,54 €	1.403,16 €	1.990,36 €
Servizos de saúde con hospitalización / residencias	3,5	330,16 €	389,58 €	449,01 €	567,87 €	746,15 €	1.073,00 €	1.518,71 €
Centros educativos (colexios)	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Bares e cafeterías	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Supermercados e froiterías	2,6	245,26 €	287,71 €	330,16 €	415,05 €	542,40 €	775,86 €	1.094,23 €
Ocio nocturno	2,5	235,83 €	276,39 €	316,95 €	398,07 €	519,76 €	742,85 €	1.047,06 €
Alimentación	2,4	226,39 €	265,07 €	303,74 €	381,09 €	497,12 €	709,83 €	999,90 €
Vivendas de uso turístico	2,3	216,96 €	253,75 €	290,54 €	364,11 €	474,48 €	676,82 €	952,73 €
Servizos persoais e recreativos	1,6	150,93 €	174,51 €	198,09 €	245,26 €	316,01 €	445,71 €	622,58 €
Comercio persoal	1,4	132,06 €	151,87 €	171,68 €	211,30 €	270,73 €	379,68 €	528,25 €
Servizos de saúde sen hospitalización	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Fábricas e talleres	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €



Concello de Vigo

res								
Garaxes con acceso público	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Comercio fogar	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Almacéns	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Aloxamento sen restauración	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Servizos administrativos	1,1	103,76 €	117,91 €	132,06 €	160,36 €	202,81 €	280,63 €	386,75 €

Para 2025 e seguintes, resultará de aplicación a Disposición transitoria 2ª:

“1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón fiscal desta taxa do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.”

Cotas para garaxes privados:

TIPO	COTA
Ata 3 prazas	94,33 €
De 4 a 25 prazas	155,64 €
Máis de 25 prazas	216,95 €

Cotas para locais sen actividade: 103,83€

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(741).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás once e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez